

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE DECEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se aproba a extinción da Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ponte Caldelas para a execución do proxecto correspondente á zona termal e parque do "Parque Termal de Ponte Caldelas" no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, por importe total de catrocentos oitenta e catro mil euros (484.000,00 €) por tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Santiago de Compostela, para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) e o Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro", por importe total de catrocentos mil euros (400.000,00 €). Tramítase como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións CERO e vehículos taxi ECO e se convocan para o exercicio 2026.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria e anticipada de gasto do desenvolvemento, avaliación e adquisición das solucións innovadoras vinculadas ao proxecto EdugallIA, financiado ao 60 % con fondos Feder do programa plurirrexional de España Feder 2021-2027 a través da liña FID do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, por un valor estimado de once millóns novecentos oitenta e tres mil catrocentos setenta e un euros con oito céntimos (11.983.471,08 €), e un importe total (IVE incluído) de trece millóns cincocentos mil euros (13.500.000,00 €). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, por importe dun millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €), derivados da orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o programa Retorna Talento FP, dirixido a persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar determinados estudos de formación profesional en centros educativos de Galicia que se inicien no ano 2026. Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que se deriva do Acordo entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en pagamento delegado, por un importe de oito millóns trescentos corenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros con quince céntimos (8.346.585,15 €). Tramitación anticipada de gasto.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e os concellos de Oroso, Boborás, Cabana de Bergantiños, Boqueixón, Palas de Rei, Carral, Vedra, Porto do Son, Ponteceso, Mos, A Guarda, Ortigueira, Fisterra e A Laracha, para o financiamento de melloras nas escolas infantís destes concellos, ao abeiro do Acordo da Conferencia Sectorial do Reto Demográfico do 4 de xuño de 2025. Importe total: novecentos setenta e sete mil oitocentos corenta e nove euros con sesenta e un céntimos (977.849,61 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da orde pola que se establecen as bases reguladoras, con carácter plurianual (2026-2027), para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas ao posicionamento das empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa e se procede á súa convocatoria por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €), mediante tramitación anticipada de gasto.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 18 de febreiro de 2025, pola que se procede á convocatoria do Programa de Bono alugueiro mocidade para o ano 2025, con financiamento plurianual, por importe de once millóns catrocentos mil euros (11.400.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do programa de axudas de rehabilitación de vivendas no rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, con carácter plurianual, por un importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se toma razón da licitación, polo procedemento de concurso de proxectos en dúas fases, para a construción de 5 edificios de vivendas de promoción pública (VPP) nas parcelas AR3, AR4, AR5, AR6 e AR8 do plan parcial do sector S-16 en Galdrachán, Concello de Ames (A Coruña) cun orzamento estimado, IVE engadido, dun millón catrocentos cinco mil noventa e nove euros con corenta e oito céntimos (1.405.099,48 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 17 VPP, garaxes e rochos na parcela da UA 24 da rúa Alcalde Domingo Sierra en Culleredo (A Coruña), por un importe de licitación de cento trinta e catro mil trescentos corenta euros con trinta céntimos (134.340,30 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato de servizo para a redacción do proxecto básico e de execución e a dirección de obra do novo centro de saúde de Mos, por importe de licitación de trescentos setenta e dous mil setecentos corenta e un euros con trinta e catro céntimos (372.741,34 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a addenda e prórroga do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para a participación conxunta no estudo das enfermidades e a vixilancia da prevalencia destas nos animais de abasto sacrificados en Galicia.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Université de la Sorbonne Nouvelle, París III (Francia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de cento once mil euros (111.000,00 €), así como a superación de límites do artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de São Paulo (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €), así como a superación de límites do artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadias formativas en empresas ou entidades vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, por importe dun millón oitocentos un mil seiscientos sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (1.801.666,67 €). Expediente tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de oitocentos vinte e seis mil oitocentos trinta e seis euros (826.836,00 €), e tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de trinta e catro mil trescentos vinte euros (34.320,00 €), e tramitado como anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de corenta e catro mil euros (44.000,00 €), e tramitado como anticipado de gasto.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascenas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2026/27 nunha universidade pública galega, por importe de dous millóns cincocentos cincuenta mil euros (2.550.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para eximir de garantías e superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social", e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026, por un importe total de dous millóns setecentos trinta mil euros (2.730.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 80 %, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2026 e 2027, por un importe total de seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e de empresas de inserción, e se convocan para o ano 2026, por importe total de trescentos trinta e cinco mil euros (335.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para eximir de garantías e superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o 2026, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do pagamento do saldo do 90 % das axudas directas da política agraria común (PAC) e o pagamento das axudas a zonas con limitacións naturais (ZLN).
- Acordo que se autoriza a tramitación do expediente anticipado de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo de dous avións de carga en terra con destino á defensa contra os incendios forestais durante os anos 2026, 2027 e 2028, polo importe de licitación de tres millóns novecentos vinte e dous mil oitocentos euros (3.922.800,00 €), exento de IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas e modificacións incluídas) de cinco millóns catrocentos oitenta e sete mil setecentos corenta e un euros con doce céntimos (5.487.741,12 €).
- Acordo polo que se autoriza o pagamento de gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo por persoal funcionario que colaborou co Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) no período do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2025, por un importe de seiscientos setenta mil oitocentos noventa e sete euros con tres céntimos (670.897,03 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, por un importe total de sesenta e un millóns cento vinte mil euros (61.120.000,00 €) para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029, tramitado como anticipado de gasto.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do outorgamento por Portos de Galicia da prórroga excepcional á concesión de Jealsa Foods SAU no porto de Bodión (Boiro) con base no seu interese estratéxico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Informe de Augas de Galicia sobre a obra de reparación de emerxencia da presa de Eiras.

#### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto "Senda na vía de servizo anexa á PO-548 Valga", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de cento sesenta e sete mil noventa e un euros con un céntimo (167.091,01 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA A EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA

- Na actualidade, co desenvolvemento dos servizos asistenciais do Sergas, a carteira de servizos desta Fundación estase a prestar nos hospitais da rede sanitaria pública galega, polo que a razón da súa existencia desapareceu
- O Goberno galego reconece o grande impulso á oftalmoloxía de Galicia e de España que ten acadado a través do labor da Fundación Ingo

O Executivo galego aprobou hoxe o decreto de extinción da Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo). A extinción desta fundación vai na liña emprendida pola Xunta de eficiencia e eficacia na xestión pública, así como nos principios de racionalización do sector público autonómico nos casos nos que as prestacións asistenciais poden levarse a cabo desde outras estruturas administrativas suficientemente dotadas e especializadas.

O persoal empregado público da fundación, con vínculo estatutario, integrarase no cadro de persoal da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Ademais, as actividades asistenciais, docentes e investigadoras desenvolvidas pola Fundación Ingo nesta área sanitaria integraranse no complexo hospitalario universitario da capital de Galicia, aproveitando así os recursos tanto materiais, como persoais e de coñecemento e experiencia achegados pola fundación.

A fundación que agora se extingue tiña como función a prestación de servizos oftalmolóxicos de alta complexidade e foi constituída no ano 1994.

Nos últimos anos, as incorporacións tecnolóxicas e o desenvolvemento dos servizos asistenciais por parte do Servizo Galego de Saúde nas sete áreas sanitarias galegas facilitaron a accesibilidade á poboación da carteira de servizos que ata hoxe viña prestando o Ingo de maneira especializada.

En consecuencia, recoñecendo o grande impulso á oftalmoloxía de Galicia e de España que acadou o Ingo, encabezado polo profesor Manuel Sánchez Salorio, a situación é que a súa carteira de servizos se presta nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, polo que a razón da súa subsistencia desapareceu.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA A OFERTA DE TERMALISMO EN GALICIA CUN NOVO ESPAZO TERMAL NO CONCELLO DE PONTE CALDELAS

- A zona termal terá dúas pozas de carácter lúdico e tres de relaxación, así como edificios auxiliares para usos complementarios, como vestiarios ou aseos
- A iniciativa enmárcase no seu Plan territorial de sostibilidade turística de vilas termais e cascos históricos de Galicia 2023

O Concello de Ponte Caldelas contará cun novo espazo termal no municipio. O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Ponte Caldelas para a creación dun novo espazo termal na localidade de Ponte Caldelas. O proxecto busca recuperar a tradición da cultura termal deste municipio que contou cun balneario no pasado. Turismo de Galicia achegará 400.000€ a esta actuación que terá un custo total de 484.000 €.

En concreto, Turismo de Galicia contribuirá coa subvención do proxecto correspondente á zona termal do parque. Isto inclúe a instalación de cinco pozas de auga termal, das que dúas terán un carácter lúdico e tres de relaxación, e de edificios auxiliares para usos complementarios, como vestiarios ou aseos. Ademais, acondicionarase a capela como espazo de interpretación da cultura termal e realizaranse traballos de mantemento do parque.

A acción englobase dentro do proxecto do Parque Termal de Ponte Caldelas, planificado polo concello da vila e que propón a construción nunha parcela da súa titularidade na que, desde finais do século XIX ata principio do século XXI, existiu un balneario. Este establecemento foi, durante unha época, referente do termalismo e da hostalería galegas e un motor do desenvolvemento económico e social da vila.

Co novo Parque Termal búscase recuperar a cultura termal do municipio, coa instalación dunha pozas que funcionen, novamente, como elemento tractor e dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da vila. Quérese tamén devolver á veciñanza e aos visitantes o uso público dun espazo privilexiado a carón do río Verdugo, en forma de parque público.

A iniciativa da continuidade ao Plan territorial de sostibilidade turística de vilas termais e cascos históricos de Galicia 2023, dotado con 23,23 M€ que ten como prioridade o impulso do turismo termal sostible na comunidade, mediante o fortalecemento e a posta en valor dos recursos termais, naturais e culturais, integrando estratexicamente a oferta turística e converténdoa en produtos innovadores e atractivos para todo o ano.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO RENOVAN A COLABORACIÓN NO EIDO DA MEDICINA LEGAL E FORENSE A TRAVÉS DO INSTITUTO LUÍS CONCEIRO

- O Goberno galego destina 400.000 euros ao funcionamento do centro universitario como apoio ao Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) na realización de probas de investigación de paternidade ou de investigación xenética
- No marco deste acordo, os servizos de Toxicoloxía e Xenética forenses tamén poden levar a cabo análises biolóxicas, clínicas, toxicolóxicas ou criminalísticas que soliciten as autoridades xudiciais ou médicos forenses do Imelga
- A cooperación esténdense ao desenvolvemento de actividades docentes e ao apoio ás facultades para proporcionarlles aos estudantes experiencia no ámbito de actuación de ambos os institutos

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo convenio de colaboración entre a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) e o Instituto de Ciencias Forenses Luís Concheiro, que acadará o próximo ano os 400.000 euros.

Deste xeito, o Instituto Luís Concheiro realiza as probas de toxicoloxía e xenética forenses que precisen os médicos forenses do Imelga ou os xuíces ou fiscais, así como as solicitadas polos corpos e forzas de seguridade que sexan acordadas pola autoridade xudicial.

Segundo recolle o acordo, trátase de probas de investigación de paternidade e probas de investigación xenética derivadas de expedientes acollidos ao beneficio de xustiza gratuíta, así como as acordadas pola autoridade xudicial ou á instancia do Ministerio Fiscal. Tamén se inclúe a realización, por parte dos servizos de Toxicoloxía e Xenética forenses, de análises biolóxicas, clínicas, toxicolóxicas ou criminalísticas que soliciten as autoridades xudiciais ou médicos forenses do Imelga, ademais das análises de alcoholemia solicitadas por esas autoridades e funcionarios ou polas unidades de policía xudicial en procesos penais.

#### **Colaboración en actividades docentes**

Outra das liñas de cooperación entre a Xunta e a universidade compostelá céntrase no desenvolvemento de actividades docentes no segundo e terceiro ciclo dos estudos universitarios, así como de xeito xeral coas facultades de Medicina, Odontoloxía e Dereito, para proporcionarlles aos estudantes experiencia no ámbito de actuación de ambos os dous institutos. A maiores, realízanse accións formativas para especialistas en medicina legal e forense en colaboración e coordinación co Imelga.

As accións conxuntas que veñen desenvolvendo ambos os institutos enmárcanse na filosofía de optimización dos recursos públicos coa que foi creado o Imelga, en 2005. Así, o instituto foi dotado dos servizos de Patoloxía e Clínica, e non do de Laboratorio, coa previsión de establecer instrumentos de colaboración co Instituto Luís Concheiro para a utilización dos seus servizos, e en particular para a investigación medicolegal.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Luís Concheiro é un instituto de carácter mixto, creado a raíz dun convenio entre a Xunta e a USC no ano 1992, para levar adiante as actividades que a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, lles atribúe aos institutos universitarios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 500.000 EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE TAXIS ADAPTADOS Á MOBILIDADE REDUCIDA, DE BAIXAS EMISIÓN OU ELÉCTRICOS**

- O Consello da Xunta aproba a convocatoria para 2026 desta orde coa que o Goberno galego pretende mellorar a modernización e competitividade do sector do taxi
- As subvencións concedidas foron de ata 1.000 euros para os taxis de baixas emisións, 4.000 euros para vehículos de emisións cero e 10.000 euros para taxis adaptados
- A Xunta xa publicou a convocatoria para este exercicio o pasado decembro por 500.000 euros

O Consello da Xunta de Galicia deu o visto bo hoxe á orde de axudas ao sector do taxi para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida, vehículos de baixas ou cero emisións, cun investimento de 500.000 euros na convocatoria para 2026.

Deste total, 290.000 euros van dirixidos á liña para vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), 68.000 para taxi de CERO emisións (vehículos 100% eléctricos e híbridos enchufables) e 142.000 para taxi ECO (vehículos que combinan dous e máis combustibles e por tanto algún tipo de hibridación). A axuda por vehículo para taxi adaptado (Eurotaxi) será de 10.000 euros, para taxi de CERO emisións de 4.000 euros e para taxi ECO de 1.000 euros.

A medida vai destinada ás persoas físicas titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N expedidas pola Dirección Xeral de Mobilidade ou os servizos de Mobilidade competentes. O prazo para presentar as solicitudes está vixente ata o 14 de outubro de 2026.

No caso das liñas de taxi de CERO emisións e ECO, a orde axudas cubre a adquisición de vehículos novos realizada desde o 28 de abril de 2025 ata a data límite para xustificar a axuda. Para a liña Eurotaxi, subvenciónanse tanto os vehículos xa adquiridos en calquera momento, como os vehículos novos que se adquiran con posterioridade á presentación da solicitude. Para as tres liñas, a data máxima de xustificación é de catro meses desde a notificación da resolución de concesión, agás que esta sexa posterior ao 30 de xuño de 2026, xa que neste caso a data máxima de xustificación é o 30 de outubro de 2026.

As persoas beneficiarias adquiren o compromiso de manter a titularidade do vehículo e o seu destino á actividade do taxi ao menos cinco anos desde a súa adscrición á autorización. No caso dos Eurotaxis adquiridos en calquera momento e que xa estiveran adscritos a unha autorización, os cinco anos de compromiso son desde a data de presentación da solicitude.

Deste xeito, o Goberno galego consolida unha liña de apoio dirixida ao sector do taxi e orientada a mellorar a súa modernización e a súa competitividade. Ao mesmo tempo, contribúe a garantir a mobilidade sostible e a favorecer un transporte público accesible.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde a posta en marcha desta iniciativa en 2016, a Xunta concedeu máis de 1.500 axudas por máis de 6 millóns de euros. Máis de 350 axudas corresponden á adquisición de taxis adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), máis dun milleiro á liña ECO e máis de 80 para emisións cero. Cómpre aclarar que no período 2016-2020 as axudas foron destinadas só á compra de vehículos Eurotaxi e desde ese ano estendeuse ás outras dúas liñas. Na convocatoria deste exercicio, cuxo prazo de presentación de solicitudes rematou a mediados do pasado outubro, concedéronse 180 axudas: 31 para Eurotaxi, 134 para a liña ECO e 15 para emisións CERO.

O sector do taxi conta con case 3.500 autorizacións en Galicia e presta un servizo esencial adaptado ás necesidades de mobilidade da poboación no ámbito urbano como no rural, onde se rexistra unha maior demanda debido á dispersión e avellentamento da poboación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INICIA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO EDUGALIA, QUE INCORPORA A INTELIXENCIA ARTIFICIAL Á XESTIÓN EDUCATIVA PARA MELLORAR O ÉXITO ESCOLAR**

- Rueda resalta que Galicia será pioneira en España ao usar esta ferramenta para reducir o abandono escolar ou mellorar a xestión dos centros
- É o proxecto educativo de desenvolvemento tecnolóxico de IA máis importante de España, ao acadar 10 M€ de financiamento a través do proceso de Compra Pública Innovadora
- Céntrase en ámbitos prioritarios vencellados coa mellora da equidade e calidade para un ensino máis eficaz, inclusivo, personalizado e transparente
- Grazas á xestión e análise integrada de datos, a Administración poderá prever e identificar situacións de risco de abandono escolar
- Os estudantes e as súas familias disporán por primeira vez dun expediente académico dixital único
- Tamén se creará unha plataforma única de acceso á información por parte de alumnos e familias e de interacción cos equipos docentes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Executivo autonómico inicia os trámites para a contratación do proxecto EdugallIA, que incorporará a intelixencia artificial á xestión e avaliación educativa para a mellora do éxito escolar. Galicia será así pioneira en España no desenvolvemento dun programa específico para “usar a IA á horoa de reducir o abandono escolar e mellorar a xestión dos centros”.

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á contratación da primeira fase deste proxecto que xa está considerado como o mellor de España co uso da intelixencia artificial ao servizo da mellora educativa. Segundo salientou Rueda, este desenvolvemento tecnolóxico para a xestión escolar leva aparelado un orzamento total de 16,5 M€ (6,6 M€ achegados pola Xunta e 9,9 procedentes dos fondos europeos mediante Feder plurirrexional), dos cales saen a contratación os 13,5 M€ necesarios para executar as dúas fases do proxecto que abranguen unha primeira de servizos de I+D e outra segunda de adquisición e despregamento das solucións correspondentes. A maiores, estase ultimando a contratación dunha oficina técnica de control de proceso, que completará o proxecto.

Tal e como explicou o presidente, a envergadura e a solvencia desta iniciativa queda avalada polos 10 M€ que a Xunta logrou captar para este proxecto a través do proceso de Compra Pública Innovadora, o que a converte na primeira iniciativa deste ámbito, o que está xerando un grande interese no resto do Estado.

#### **Datos analíticos para a mellor toma de decisións**

Esta primeira fase abrangue o desenvolvemento, avaliación e posterior compra dunha solución de acceso á información académica e de analítica avanzada de datos para a prevención do abandono educativo, así como dunha solución de asistente virtual baseado en intelixencia artificial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase, pois, de despregar un ecosistema dixital integrado que permitirá dotar o sistema educativo galego de infraestruturas analíticas avanzadas, como plataformas de intelixencia artificial, sistemas de alerta temperá e simulación de escenarios, entre outros, ao servizo do conxunto da comunidade educativa.

Grazas, precisamente, á integración de todas as fontes de datos, na práctica poderase mellorar a identificación temperá de situacións de risco no eido escolar como o abandono, unha maior precisión na asignación de recursos especializados ou a axilización da atención personalizada e proactiva. Isto é, en definitiva, avanzar nun modelo educativo centrado nas persoas máis eficaz, inclusivo, personalizado e transparente. Nesta liña, Rueda resaltou que o sistema permitirá “alertar sobre o posible risco de abandono escolar, saber que factores inciden no mesmo ou detectar que centros educativos precisan máis recursos” para evitar estas situacións.

Entre outras vantaxes, o despregue tecnolóxico desta iniciativa ao servizo da gobernanza educativa tamén suporá melloras directas sobre os alumnos e as familias. Neste senso, crearase por primeira vez o expediente dixital único do alumnado, “é dicir, un documento que recollerá toda a vida académica do alumno”, indicou Rueda.

Tamén se desenvolverá un espazo entre familias, centros e Xunta para asistencia e información áxil e personalizada a alumnos e familias. E outro dos aspectos máis salientables é que, ao integrar todas as fontes de datos, a Administración educativa poderá facer un seguimento da redución do abandono escolar mediante o emprego de técnicas analíticas avanzadas.

### **Tres eixes de actuación**

O proxecto EdugallA céntrase en tres ámbitos prioritarios vencellados coa mellora da equidade e calidade do sistema educativo galego: a gobernanza, a creación do expediente dixital do alumnado e o desenvolvemento dun espazo común entre familias, centros e Xunta.

No eido da gobernanza, habilitarase un novo modelo de Administración educativa dixital que permita integrar e consolidar de forma fiable información procedente de múltiples fontes e formatos. Isto axudará a avaliar as iniciativas e políticas promovidas pola Consellería a través da evolución do alumnado.

Outra das súas principais funcións será a de facilitar, a través da plataforma Galorienta, integrada en EdugallA- facilitar o labor dos departamentos de orientación ena súa contribución á prevención do abandono e no seu traballo diario de atención á diversidade nos centros docentes. O obxectivo nesta vertente é que os xestores do sistema poidan analizar a súa evolución tanto de forma global como a nivel de centro educativo e programa implantado, permitindo a toma de decisións baseadas en evidencias e datos personalizados de calidade.

O segundo ámbito ten como finalidade poñer a disposición do alumnado e das súas familias para consulta un expediente dixital do alumnado. Este documento será susceptible de integrar información relevante a nivel académico vinculado á identidade

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dixitais dos alumnos e, nalgunhas etapas educativas, os seus titores e as súas titoras. Incluirá datos de identificación, de escolarización, académicos, sobre atención a necesidades específicas de apoio educativo, outros datos educativos e de formación relevantes e metadatos do expediente. O obxectivo é que este expediente acompañe ao longo do seu tránsito polo sistema educativo, sobre todo nos cambios de etapa, na súa relación cos diferentes centros e administracións e que sexa accesible desde calquera lugar en calquera momento.

Finalmente, a través de EdugallA habilitarase un novo modelo no acceso de alumnado e familias á información do seu interese sobre o sistema educativo, é dicir, un punto único de contacto e acceso. A finalidade é dispoñer dun sistema co que o alumnado e os seus titores poidan interactuar arredor de aspectos vinculados coa súa relación coa Consellería como dúbidas sobre procedementos administrativos no ámbito educativo e orientación en procedementos administrativos como a solicitude de bolsas ou a admisión de alumnado.

Todo o sistema estará deseñado baixo parámetros adecuados de protección de datos, xestión de permisos, consentimentos de cesión de información e privacidade, conforme a normativa.

### **Equipo asesor multidisciplinar**

Logo de aprobado o proxecto e concedido o financiamento, a Xunta constituíu un equipo asesor multidisciplinar composto por investigadores das universidades galegas, dos centros de investigación punteiros, expertos en gobernanza educativa, pedagogos, analistas de datos e intelixencia artificial, que realizaron achegas para o deseño da arquitectura do proxecto incluídas cuestións como a definición de indicadores, a protección de datos ou os principios éticos.

Tras varios meses de análise e traballo previo deste *think tank* no que se avanzou na definición dun modelo axeitado, agora dáse o primeiro paso para a contratación da fase do proxecto centrada na I+D, para o deseño dunha solución innovadora nun período entre 2026 e 2028, así como da fase de despregamento da mesma prevista entre 2028 e 2030.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA RETORNA TALENTO FP NA QUE APOSTA POLA MODALIDADE DUAL E REFORZA OS BENEFICIOS PARA O ALUMNADO**

- Convocaranse 120 novas prazas para cursar ata seis ciclos distintos de grao medio e superior na modalidade de FP Dual Intensiva
- Tamén, por primeira vez, poderán cursar a titulación de alta especialización de Automoción en Vehículos de competición, exclusiva de Galicia
- Farano con bolsas de 15.000 €, un 25 % máis, coas que poderán cubrir gastos de viaxe, aloxamento e manutención en Galicia
- Un total de 152 persoas participaron nesta iniciativa desde a súa creación

A Xunta de Galicia vai abrir unha nova edición do programa Retorna Talento FP na que se implementan melloras como a aposta íntegra pola modalidade de FP Dual Intensiva, que combina a formación teórica coa práctica ao longo de todo o período formativo, así como polo incremento das contías para os galegos do exterior que deciden formarse en Galicia a través do devandito programa.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta nova convocatoria, dotada con 1,8 M€, que inclúe bolsas de 15.000 € por estudante (un 25 % máis) para cursar ata seis ciclos distintos de grao medio e superior na modalidade de FP Dual Intensiva. O obxectivo é que ata 120 galegos do exterior poidan vir a Galicia a formarse nestas ensinanzas nos cursos 2026/27 e 2028/29.

Ademais de ofertar exclusivamente ciclos formativos completos de FP Dual Intensiva, nesta convocatoria inclúese, por primeira vez, unha titulación de alta especialización, unha formación exclusiva de Galicia que está a ter unha grande acollida entre o alumnado e as empresas galegas. Trátase do Ciclo superior de Automoción, con especialización en Vehículos de competición, que se impartirá no Centro Integrado de FP As Mercedes, en Lugo.

Así mesmo, co fin de facilitar a súa inserción e adaptación ao noso país e a optimización da súa formación e cualificación profesional, o alumnado seleccionado iniciará o curso de xeito presencial no centro educativo, cando antes podía facelo desde o seu país de orixe,

Tamén cómpre salientar o adianto no primeiro pagamento que se fará no trimestre de inicio do curso 2026/27, a diferenza das anteriores convocatorias onde o alumnado o recibía durante o 2º trimestre do curso, dado que o primeiro o facía desde o país de orixe.

Os ciclos ofertados, con 20 prazas cada un, son os que se inclúen na seguinte táboa:

| <b>Concello</b> | <b>Centro educativo</b> | <b>Ciclo de formación profesional</b>  |
|-----------------|-------------------------|----------------------------------------|
| Ferrol          | CIFP Ferrolterra        | Ciclo medio de Soldadura e caldeiraría |
| Ribeira         | CIFP Coroso             | Ciclo medio de Electromecánica de      |

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

|            |                             | vehículos automóbiles                                                         |
|------------|-----------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|
| Lugo       | CIFP As Mercedes            | Ciclo superior de Automoción, con especialización en vehículos de competición |
| Vilamarín  | CIFP de Vilamarín           | Ciclo superior de Xestión de aloxamentos turísticos                           |
| Poio       | CIFP de Cantería de Galicia | Ciclo medio de Construción                                                    |
| Ponteareas | CIFP A Granxa               | Ciclo superior de Vitivinicultura                                             |

Todos eles teñen unha duración de dous cursos académicos. En ambos os anos, os estudantes comezarán cursando o ciclo no centro educativo para despois continuar no centro de traballo ou empresa asignada.

### Requisitos

Poderán participar no programa as persoas residentes no estranxeiro nadas en Galicia, non nadas en Galicia (se residiron en Galicia de forma continuada durante 10 anos con nacionalidade española antes de emigrar) e descendentes por consanguinidade de emigrante nacido en Galicia.

Para optar a cursar un dos ciclos do programa participarán nun procedemento de selección dos perfís que mellor se adapten ao programa, tanto a nivel formativo como por parte das empresas, que incluírá unha entrevista por videoconferencia coas persoas solicitantes, que poderán realizar a distancia.

Co importe das bolsas poderán afrontar todos os gastos que se xeren para poder realizar a formación, tales como son viaxe desde o seu país de procedencia, aloxamento e manutención en Galicia e subscrición dun seguro médico, de ser o caso.

### Estratexia Galicia Retorna

Desde o inicio do programa Retorna Talento FP formáronse en Galicia un total de 152 retornados ao abeiro destas convocatorias. Este programa complementase coas bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME), para universitarios, que lles permiten completar a súa formación académica cursando mestrados nalgunha das tres universidades públicas galegas.

Búscase tamén que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e as experiencias profesionais internacionais que acheguen estas persoas que residiron ou naceron no estranxeiro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O NOVO ACORDO PARA A XUBILACIÓN PARCIAL DO ENSINO CONCERTADO BENEFICIARÁ A CASE 320 PROFESORES ATA 2029**

- O Consello da Xunta dá luz verde ao documento, pechado coa patronal e os sindicatos que aglutinan a máis do 90 % da representación deste profesorado
- As persoas que opten pola xubilación parcial reducirán a súa xornada nun 72 %, que será cuberto a través da contratación dun novo profesor
- A Xunta farase cargo de ambos os salarios, para o que destinará máis de 8,3 M€

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo acordo para a xubilación parcial dos docentes do ensino concertado, que se estima que beneficiará a case 320 profesores ata 2029. O documento foi pechado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP coa patronal do ensino concertado representada por CECE, Escolas Católicas e ACES, así como cos sindicatos FSIE, UGT, CCOO e USO, que aglutinan a máis do 90 % da representación do profesorado dos centros concertados. Os sindicatos CIG-Ensino e SNEP, tamén participantes na negociación, optaron por manterse fóra do acordo.

O obxectivo é facilitar a xubilación parcial do persoal docente dos centros privados concertados de Galicia, ao tempo que se favorece a incorporación doutras persoas ao mercado laboral, dado que será preciso contratar a unha persoa a xornada completa como remuda por cada situación de xubilación parcial. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP asume os gastos de nómina e cotizacións de ambas as dúas, para o que destinará máis de 8,3 M€.

Solicitar a xubilación parcial será voluntario e deberán facelo os propios profesores ao seu centro a través do mecanismo disposto. De cara a acadar unha xestión máis eficaz e ordenada das solicitudes de acceso á xubilación, garantindo ao mesmo tempo que o funcionamento dos centros non resulte prexudicado, o acordo establece tres datas anuais fixas para o inicio efectivo da xubilación: 1 de xaneiro (1 de febreiro no caso de 2026), 1 de abril e 1 de setembro, de cada ano de vixencia.

#### **Requisitos**

Poderán beneficiarse os docentes de infantil, primaria, educación especial, educación secundaria obrigatoria e FP de centros concertados en pagamento delegado que teñan contrato de traballo de duración indefinida e xornada completa. A duración do contrato deber ser dun mínimo de seis anos ininterrompidos e inmediatamente anteriores á data de inicio da xubilación parcial. O período de tempo que medie entre a data de inicio da xubilación parcial e a data de xubilación total debe ser igual ou inferior a dous anos. Tamén se poderán beneficiar da medida as persoas cooperativistas que cumpran ditos requisitos.

A xubilación parcial suporá a redución da xornada desa persoa nun 72 % (18 horas lectivas semanais) ata que teña dereito á pensión de xubilación ou ata que a relación se extinga por calquera outra causa. Na selección do novo profesorado terá carácter preferente a condición de persoal incluído na bolsa de recolocación creada a través do

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Acordo de 14 de xuño de 2023 asinado entre a Consellería de Educación e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia sobre medidas de recolocación do profesorado afectado pola modificación das unidades concertadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 980.000 EUROS NA MELLORA DE ESCOLAS INFANTÍS PÚBLICAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA E MUNICIPAL**

Un total de 14 concellos beneficiáranse destes fondos cos que se financiarán actuacións de reforma, ampliación, renovación de cubertas e fachadas ou de equipamento, en función das necesidades.

O Consello da Xunta desta mañá deu luz verde á sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Concellos para financiar obras de mellora en escolas infantís públicas, nalgúns casos dependentes da Administración autonómica e noutros das locais.

En total, o Goberno galego destinará, entre este ano e o que vén, preto de 980.000 euros procedentes do Fondo de Cohesión e Transformación Social (FCT) a estes acordos cos que se acometerán intervencións en 14 centros de 0 a 3 anos emprazados noutros tantos municipios.

En concreto, estes concellos son: A Laracha, Boqueixón, Cabana de Bergantiños, Carral, Fisterra, Oroso, Ortigueira, Ponteceso, Porto do Son e Vedra, na provincia da Coruña. A localidade lucense de Palas de Rei e a ourensá de Boborás; e os concellos de Mos e A Guarda, na provincia de Pontevedra.

Nestas instalacións acometeranse actuacións de reforma, de ampliación, de renovación de cubertas e fachadas ou de equipamento, en función das necesidades. Serán os entes locais os encargados de contratar e executar os traballos, que deberán estar rematados en decembro do vindeiro ano.

#### **Compromiso coa infancia e coas familias**

A Xunta enmarca estes novos investimentos para a mellora de escolas infantís no compromiso que mantén coa atención á infancia e o apoio á conciliación das familias, a través de medidas como a gratuidade.

Este é o cuarto curso consecutivo no que as familias galegas non teñen que pagar nada pola atención educativa dos seus fillos ou fillas, vaian a unha escola 0-3 da Xunta, dependente dun concello, de iniciativa social ou privada. Grazas á gratuidade, Galicia lidera a taxa de escolarización no primeiro ciclo de Infantil cun 65 %, 15 puntos por riba da media nacional.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A relación de actuacións é a seguinte:

| Concello              | Descrición obxecto financiamento     | Importe total |
|-----------------------|--------------------------------------|---------------|
| Oroso                 | Melloras El Municipal                | 149.821,07 €  |
| Boborás               | Cuberta patio exterior PAI municipal | 99.999,85 €   |
| Cabana de Bergantiños | Reforma El Municipal                 | 48.687,28 €   |
| Boqueixón             | Melloras Escola infantil municipal   | 49.917,33 €   |
| Palas de Rei          | Adecuación e ampliación El municipal | 47.486,98 €   |
| Carral                | Almacén e cubrición Galiña Azul      | 29.812,67 €   |
| Vedra                 | Reforma El municipal                 | 75.006,28 €   |
| Porto do Son          | Melloras El Municipal                | 48.398,80 €   |
| Ponteceso             | Fachada e instalacións Galiña Azul   | 88.841,83 €   |
| Mos                   | Equipamento nova escola infantil     | 59.997,97 €   |
| A Guarda              | Melloras El Municipal                | 39.815,87 €   |
| Ortigueira            | Melloras Galiña Azul                 | 48.219,59 €   |
| Fisterra              | Melloras Galiña Azul                 | 46.738,20 €   |
| A Laracha             | Melloras Galiña Azul                 | 145.105,89 €  |
|                       |                                      | 977.849,61 €  |

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCA POR PRIMEIRA VEZ AXUDAS POR IMPORTE DE 1,5 M€ PARA QUE AS EMPRESAS GALEGAS POIDAN OPERAR NA INDUSTRIA DA DEFENSA E SEGURIDADE**

- Os apoios permitirán ás compañías a obter certificacións específicas, a homologación de sistemas e produtos ou a inscrición en rexistros propios en materia de defensa
- Entre as accións subvencionables están a implantación de sistemas de xestión de calidade seguindo as normas que establece a OTAN ou axuda para realizar trámites ante o CNI no caso das autorizacións de seguridade necesarias en proxectos que impliquen información clasificada de grado *Confidencial* ou superior, entre outros
- As axudas cubrirán o 80 % do importe total cun máximo de 75.000 euros por beneficiario e poderase anticipar ata o 25 % do importe da achega concedida

O Consello da Xunta abordou esta mañá as bases que regularán a nova orde de axudas que impulsa a Consellería de Economía e Industria no marco da Iniciativa Estratéxica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030. Un programa dotado con 1,5 millóns de euros que ten como obxectivo apoiar e facilitar o acceso das empresas galegas a novos modelos produtivos e mercados de alto valor engadido nos sectores da seguridade e a defensa. Dous sectores que presentan requisitos específicos de homologación, certificación ou adecuación tecnolóxica, que requiren dunha aposta decidida por parte das empresas para adaptar as súas capacidades, procesos e estándares ás exigencias do mercado e das administracións públicas, tanto nacionais como internacionais.

A nova orde de axudas está destinada a aquelas empresas que realicen a súa actividade, contén con centro de traballo en Galicia e aspiren a exercer como subministradoras nos eidos da defensa e a seguridade, a través da obtención de certificacións específicas, homologación de sistemas e produtos, obtención de autorizacións de seguridade e elaboración de propostas de proxectos para participar en convocatorias nacionais ou europeas.

#### **5 liñas subvencionables**

Máis polo miúdo, o programa de apoios conta con 5 liñas subvencionables. A primeira delas apoiará a primeira inscrición no Rexistro da Dirección General de Armamento y Materiales (DGAM), así como a preparación da documentación e os trámites necesarios para obter o certificado outorgado polo devandito rexistro. A inscrición neste rexistro é un requisito de obrigado cumprimento para aquelas empresas que aspiren a optar a licitacións relacionadas co sector de armamento e material militar e garante que cumpran cos estándares técnicos e de seguridade necesarios para proveer produtos e servizos no ámbito da defensa e a seguridade nacional.

A segunda das liñas está dirixida á implantación dun Sistema de Xestión da Calidade segundo as normas PECAL/AQAP e os gastos de consultoría para a implantación e certificación, se se logra dentro do prazo do proxecto. As normas PECAL/AQAP son as normas de calidade que establece a OTAN e que deben cumprir os provedores naqueles

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contratos asinados con Defensa co fin de garantir o cumprimento dos estándares na industria da Defensa. Trátase dun requisito imprescindible para poder subministrar ao Ministerio de Defensa.

Outras das actuación que poderán ser obxecto de axuda son as homologacións do sistema ou produto e a preparación da documentación técnica e, se é o caso, dos ensaios necesarios realizados por laboratorios acreditados segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025. A homologación é un selo de calidade e seguridade específico do ámbito militar que permite ás empresas participar nos procesos de contratación pública á vez que certifica que un determinado sistema, equipo, produto ou servizo cumpre cos requisitos técnicos e estándares de calidade establecidos para o seu uso específico neste ámbito.

Así mesmo, a orde tamén contempla como actividade subvencionable a obtención de autorizacións de seguridade; a preparación da documentación e realización dos trámites necesarios ante o CNI para obter as autorizacións de seguridade da empresa (HSEM), indispensables para aquelas que queiran contratar co Ministerio de Defensa en proxectos que impliquen información clasificada de grao "Confidencial" ou superior; e as autorizacións de seguridade do establecemento (HSES), solicitadas en contratos que impliquen o manexo ou almacenamento de información clasificada nas súas propias instalacións.

E, finalmente tamén se poderá solicitar apoio para elaborar propostas de proxectos para participar en convocatorias nacionais ou europeas no ámbito da Defensa e a Seguridade, consultoría e asistencia técnica especializada para a elaboración das ditas propostas.

### **Apoios de ata 75.000 euros con anticipos do 25 %**

No que respecta á intensidade das axudas, esta será do 80 % do importe total cun máximo de 75.000 euros por beneficiario e poderase anticipar ata o 25 % do importe da subvención concedida. O orzamento mínimo exixido por actuación é de 3.000 euros.

Con esta primeira orde de axudas, a Xunta ratifica a súa aposta por converter a Galicia na punta de lanza dos sectores da seguridade e da defensa co desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes e promovendo un tecido empresarial máis innovador, resiliente e preparado para os retos do futuro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO ORZAMENTO DO BONO ALUGUEIRO MOCIDADE 2025 CON 11,4 M€ MÁIS**

- O Goberno galego anuncia que se tramitarán solicitudes da convocatoria 2025 en lista de agarda por esgotamento de crédito
- A Xunta estima que a liberación dos novos fondos estatais para esta liña permita conceder entre 1.900 e 2.000 achegas
- Trátase de facilitar á poboación menor de 36 anos o pagamento da renda da súa vivenda habitual, cunha subvención de 250€ ao mes durante 2 anos
- Para acceder á axuda, ademais de ser menor de 36 anos, o beneficiario deberá dispoñer dunha fonte regular de ingresos menor de 3 veces o Iprem e certificar que a vivenda é a súa residencia habitual
- Neste 2025 concedéronse 2.353 achegas deste bono, esgotando o orzamento
- A Xunta lamenta a tardanza na transferencia estatal do crédito desta convocatoria, que ademais é insuficiente, o que dificulta a súa execución antes do final do ano

O Goberno galego autorizou hoxe a nova dotación orzamentaria do Programa de Bono alugueiro mocidade para o ano 2025 por importe de 11,4 M€, coa que se tramitarán solicitudes que quedaron en lista de agarda por falta de fondos, sen facer unha nova convocatoria da achega. Esta nova partida súmase aos preto de 13 M€ xa executados nesta liña este ano, chegando polo tanto o orzamento en 2025 a máis de 24 M€. A Xunta estima que poderán concederse entre 1.900 e 2.000 axudas máis, que se sumarán ás 2.353 xa adxudicadas. O número total de solicitudes rexistradas este ano foi de 7.804.

O obxectivo deste programa é facilitar aos mozos e ás mozas menores de 36 o pagamento da renda da súa vivenda habitual cunha axuda de 250 euros ao mes durante 2 anos, sempre e cando esta contía non supere o importe que abonan en concepto de arrendamento. A subvención concederáselles coa posibilidade de recoñecer o dereito á achega de forma retroactiva desde o 1 de xaneiro de 2025, sempre que o contrato estivese vixente nesa data. Para contratos asinados con posterioridade, concederase desde a data do contrato, sen que poidan concederse con posterioridade ao 31 de decembro do 2026.

Os solicitantes deben ser menores de 36 anos no momento de pedir a axuda, dispoñer dunha fonte regular de ingresos, acreditando que non superan 3 veces o Iprem (25.200 euros) e certificar que a vivenda en cuestión é a súa residencia habitual, entre outros requisitos.

En canto ao importe da renda de alugueiro, non poderá superar os 700 euros, nas cidades da Coruña, Santiago, de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra. No caso dos municipios de Lugo, Ferrol e as contornas da cidades, esas contías máximas oscilarán entre os 600 e 500 euros. No resto dos concellos, a renda de alugueiro das vivendas non poderá exceder os 400 euros. Inclúese o cadro do importe da renda mensual de alugamento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Novos fondos estatais

Na Conferencia Sectorial de Vivenda convocada polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en outubro deste ano anunciouse a liberación de fondos para o bono alugueiro mocidade entre as Comunidades Autónomas. Esta partida posibilita que agora a Xunta amplíe a concesión de máis achegas da convocatoria 2025.

A Xunta lamenta a tardanza na transferencia estatal destes novos fondos, o que dificulta a súa execución antes do final do ano. O Goberno galego insiste en que a dotación orzamentaria é claramente insuficiente como xa trasladou ao Ministerio en numerosas ocasións.

### Importe da renda mensual máxima

| Zona Territorial                        | Concellos  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|-----------------------------------------|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                         | Da vivenda |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>Prezo máximo superior</b>            | 700        | A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| <b>Municipios de zona territorial 1</b> | 600        | Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros e Ribeira.<br><br>Lugo.<br><br>A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Ponteareas, Redondela e Vilagarcía de Arousa                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|                                         | 500        | Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugardos, Neda, Noia, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada e Teo.<br><br>Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.<br><br>Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia.<br><br>Baiona, Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, Illa de Arousa, Moaña, Mos, Nigrán, Poio, Pontecesures<br><br>Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa |
| <b>Municipios de zona territorial 2</b> | 400        | O resto de concellos de Galicia.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA UN NOVO PLAN PARA IMPULSAR NO RURAL A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E ADAPTAR LOCAIS BALEIROS COMO FOGARES CUN INVESTIMENTO DE 5 M€ ATA O 2027**

- Trátase de fomentar a vida “nos municipios de menos de 5.000 habitantes” a través de axudas “para rehabilitar e rematar vivendas inacabadas” ou transformar locais en fogares
- Destaca que as vivendas reformadas deberán destinarse “a residencia habitual ou ao alugueiro durante polo menos 5 anos”
- Os beneficiarios poderán recibir ata 30.000 € por vivenda para melloras de conservación, accesibilidade ou eficiencia enerxética
- Nos próximos días publicaráse no DOG a primeira convocatoria, dotada cun orzamento de 3 M€, que permanecerá aberta ata o 1 de setembro de 2026
- As vivendas que se rehabiliten para o alugueiro incorporaranse de facto no programa Fogar Vivo da Xunta, que ten como obxectivo a posta no mercado de alugamento, a prezos accesibles
- Estes incentivos serán compatibles coas axudas para facer fronte ao custo da contratación dos seguros de impagamento de rendas ou seguros multirrisco do programa Fogar Vivo, e coas de adquisición de vivenda na comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou un novo plan “para impulsar a rehabilitación de vivendas e converter locais baleiros en fogares nos municipios de menos de 5.000 habitantes”. Unha nova liña de axudas que contará cun orzamento de 5 millóns de euros ata 2027, dos que 3 millóns se concentrarán na convocatoria do vindeiro ano.

Rueda explicou que a medida enmárcase na aposta da Xunta de ampliar a oferta de vivendas a disposición da cidadanía a través, entre outras medidas, da rehabilitación e salientou que as achegas poderán alcanzar os 30.000 euros e o 75 % do orzamento da obra de renovación.

Con esta nova iniciativa do Goberno galego trátase de fomentar a vida nos municipios de menos de 5.000 habitantes mediante o outorgamento de axudas “dirixidas á rehabilitación e rematar vivendas inacabadas” situadas nos mesmos, así como así como ás actuacións dirixidas ao cambio de uso de locais e entreplantas situados nos mesmos para destinalos a vivenda, para destinalas a residencia habitual e permanente das persoas propietarias ou ao seu alugueiro.

Dentro das actuacións de rehabilitación, enténdense incluídas as de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sostenibilidade e eficiencia enerxética das vivendas, así como as actuacións para a medición e a execución de obras que eviten a entrada do gas radón ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

No custo total das actuacións subvencionables poderase incluír os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo da redacción dos proxectos, informes técnicos e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

certificados necesarios, e os gastos derivados da tramitación administrativa. Así mesmo, no custo total das actuacións poderanse incluír os gastos derivados de impostos, taxas e tributos, debidamente xustificadas.

Tal e como explicou Rueda, as vivendas, locais e entreplantas obxecto das actuacións deberán, ademais de estar situadas nun concello da comunidade con poboación inferior a 5.000 habitantes, dedicarse “a residencia habitual ou alugueiro a prezo taxado durante polo menos cinco anos”.

No caso de que as vivendas se rehabiliten para o alugueiro, non poderán estar afectadas por ningunha circunstancia xurídica que impida o seu alugamento. Neste suposto, a obtención da condición de beneficiario determinará a incorporación da vivenda no programa Fogar Vivo da Xunta, que ten como obxectivo a posta no mercado de alugamento, a prezos accesibles, do maior número posible de vivendas baleiras de titularidade privada, cuxo prezo de alugueiro mensual non poderá superar os límites establecidos na convocatoria.

### **Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas situadas en concellos de menos de 5.000 habitantes e que acrediten ingresos non superiores a 6,5 veces o Iprem.

No caso de que as vivendas se vaian a destinar ao alugueiro non será de aplicación o citado límite de ingresos.

As axudas poderán acadar ata o 75 % do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 30.000 euros por vivenda.

### **Prazos**

A Xunta prevé publicar nos próximos días a convocatoria do novo programa de axudas de rehabilitación de vivendas no rural, con financiamento plurianual, cuxo prazo de presentación de solicitudes comezará unha vez transcorridos cinco días hábiles da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo de solicitudes desta primeira convocatoria rematará o 1 de setembro de 2026 e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario. Esta primeira convocatoria para o 2026 está dota cun orzamento de 3 M€.

As actuacións subvencionables desta convocadora á rehabilitación, terminación ou ampliación das vivendas nos municipios do rural, así como as actuacións dirixidas ao cambio de uso de locais e entreplantas situados nos mesmos para destinalos a fogares, non poderán estar iniciadas na data de publicación da correspondente convocatoria de axudas.

O prazo de execución das obras virá fixado na resolución de concesión da subvención, sen que en ningún caso poida exceder de 18 meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas axudas da Xunta serán compatibles coas axudas para facer fronte ao custo da contratación dos seguros de impagamento de rendas e/ou seguros multirrisco de fogar do programa Fogar Vivo, e coas axudas do programa de adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas subvencións non se poderán compatibilizar coas axudas para a adecuación e reparación das vivendas do programa Fogar Vivo, nin con calquera outra axuda de rehabilitación de vivendas xestionadas pola Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

O Goberno galego segue a traballar en novas medidas fronte ao proceso de despoboamento das zonas rurais, cunha política encamiñada a fixar poboación nestas zonas, neste caso a través da vivenda como necesidade básica.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IDEAS PARA CONSTRUIR 5 INMOBLES DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICAS EN GALDRACHÁN, EN AMES**

- A Xunta licitará nas vindeiras semanas este concurso para a redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra destes novos fogares, que se construírán en parcelas cedidas polo Concello
- O concurso desenvolverase en dúas fases: a primeira aberta a nivel de ideas e da que se seleccionarán seis autores, aos que se cursará invitación para participar na segunda fase, onde se elixirán as propostas gañadoras entre os anteprojectos elaborados
- O investimento que destinará a Xunta na redacción do proxecto e dirección das obras será de algo máis de 1,4 M€
- Este o segundo proxecto que impulsa a Xunta neste municipio, onde o Goberno galego ten xa a proposta de adxudicación da redacción dos proxectos para 78 vivendas na rúa Agriños
- En conxunto, o obxectivo é acadar, alo menos 218 novas vivendas nos solos cedidos en Ames, para o que se estima un investimento que superará os 41,4 M€
- A Xunta coopera xa cos concellos en materia de cesión de solo para ampliar o parque público residencial nos municipios da Coruña, Pontevedra, Lugo, Ames, A Estrada, Lalín, Teo, Vilagarcía, Carballo, San Cibrao das Viñas, Narón, Arteixo ou Bueu

O Consello da Xunta dá luz verde á convocatoria dun concurso de proxectos para impulsar a construción de 5 inmobles de vivendas de promoción pública en solo cedido polo Concello de Ames, en Galdrachán.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas deu conta hoxe da próxima licitación, polo procedemento de concurso, para a redacción dos proxectos e dirección de obra para construír este novos edificios nas parcelas AR3, AR4, AR5, AR6 e AR8 en Galdrachán, que acadan unha superficie de 4.427 metros cadrados, e que son cedidas gratuitamente pola Administración local.

A través deste concurso de ideas, a Xunta tratará de seleccionar as mellores propostas de anteprojecto para a construción deste cinco edificios de vivendas de promoción pública.

O concurso desenvolverase en dúas fases. Unha primeira fase pública, aberta, anónima, a nivel de ideas -de forma sinxela e inicial-, en que se seleccionarán seis propostas e a cuxos autores se cursará invitación para participar na segunda fase. Nesta segunda fase tratarase de desenvolver as ideas proposta a nivel de anteprojecto, entre as cales se elixirán as propostas gañadoras.

O investimento que destinará a Xunta na redacción do proxecto e dirección das obras será de algo máis de 1,4 M€. Así, concedéranse tres premios, dotados con 5.000 e euros iniciais aos que se engade a adxudicación da redacción de proxectos e dirección das obras de construción das vivendas, e tres accésits, de 5.000 euros cada un.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para a adxudicación deste concurso teranse en conta a ordenación, calidade arquitectónica, aspectos construtivos, de integración na contorna, capacidade de inclusión, funcionalidade, perspectiva de xénero, facilidade de mantemento, eficiencia enerxética, innovación e viabilidade económica

O gañador do primeiro premio levará a cabo a redacción dos proxectos básico e de execución e a dirección de obra dos edificios a executar nas parcelas AR3 e AR6. O segundo premio acometerá a redacción dos proxectos básico e de execución e a dirección de obra dos edificios nas parcelas AR4 e AR5; correspondendo ao terceiro premio o contrato de redacción do proxecto básico e de execución e a dirección de obra do edificio na parcela AR8.

Ademais destes proxectos, no marco do convenio asinado este ano entre a Xunta e o Concello de Ames, o Goberno galego ten xa en fase de proposta de adxudicación a redacción do proxecto e dirección de obra para a construción de 78 vivendas de promoción pública na parcela 1 (S-15) da rúa Agriños. O Importe da adxudicación será de algo máis de 496.000 euros e a empresa proposta é a UTE 78 VPP S-15 Agriños – Ames.

Estes proxectos enmárcanse no compromiso da Xunta de incrementar o parque público residencial, neste caso no municipio coruñés de Ames o obxectivo é acadar polo menos 218 novas vivendas nos solos cedidos, para o que se estima un investimento que superará 41,4 M€.

O Goberno galego, mantén o ritmo de traballo e insiste na necesidade de implicación de todas as administracións e do sector, agradecendo neste caso a boa resposta municipal, xa que sen solo non hai vivenda. Ata este momento, os concellos que xa cederon solo son: A Coruña, Pontevedra, Lugo, Ames, A Estrada, Lalín, Teo, Vilagarcía, Carballo, San Cibrao das Viñas, Narón, Arteixo, sendo o último acordo autorizado pola Xunta, ata o momento, o do Concello de Bueu.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITARÁ O PROXECTO PARA CONSTRUIR 17 VIVENDAS PÚBLICAS NO CONCELLO DE CULLEREDO CUXAS OBRAS SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 3,2 M€**

- Trátase de actuar nunha parcela propiedade da Xunta localizada na rúa Alcalde Domingo Sierra, para seguir ampliando o parque público residencial
- Nas vindeiras semanas licitarase por un orzamento de preto de 135.000 euros a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 17 novas vivendas na citada parcela
- A Xunta segue avanzando no obxectivo de dar cumprimento á acción de duplicar o parque público residencial con 4.000 novas vivendas esta lexislatura, tendo xa en marcha preto de 3.000, e sumará 1.000 fogares máis en 2026
- O Goberno galego dirixirá 350 M€ ás políticas de vivenda no vindeiro ano, dos que 163 M€ se destinarán a construción de novos fogares

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da cesión dunha parcela propiedade da Consellería de Facenda e Administración Pública a favor da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que a través da Sociedade de Vivenda Pública (Vipugal), promoverá a construción de 17 vivendas de promoción pública no municipio coruñés de Culleredo.

Seguindo co compromiso firme do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na comunidade para o ano 2028, a Xunta contratará, por un orzamento que rolda os 135.000 euros, a redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 17 vivendas públicas, garaxes e rochos na parcela da UA 24, da rúa Alcalde Domingo Sierra.

O investimento estimado na execución deste obras superará os 3,2 M€.

A Xunta, a través de Vipugal, licitará estes contratos nas vindeiras semanas e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

O Goberno galego segue sen perder de vista o obxectivo de seguir avanzando nos compromisos da acción de goberno: duplicar o parque público residencial con 4.000 novas vivendas en 2028, tendo neste momento xa en marcha preto de 3.000 vivenda, e co obxectivo de sumar no 2026 1.000 fogares públicos máis ese cómputo.

A Xunta destinará 350 M€ a políticas de vivenda no ano 2026, dos que 163 M€ se destinarán a construción de novos fogares.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 36.300 EUROS A AMPLIAR O CONVENIO ENTRE SANIDADE E A USC PARA A VIXILANCIA DE ENFERMIDADES NOS ANIMAIS DE ABASTO SACRIFICADOS EN GALICIA**

- A Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela seguirán a colaborar na realización de estudos sobre estas enfermidades, así como no control e vixilancia da súa prevalencia
- A prórroga do convenio entre estas entidades terá unha duración de dous anos
- A colaboración entre Sanidade e a USC vai permitir ao departamento sanitario elaborar un atlas de enfermidades detectadas nos matadoiros galegos que seguirá un formato de atlas de consulta rápida e práctica

O Consello da Xunta autorizou a addenda e prórroga, por un período de dous anos, do convenio de cooperación asinado en maio do 2023 entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para a participación conxunta no estudo das enfermidades nos animais de abasto sacrificados en Galicia. Para tal fin, nos vindeiros dous anos, o Executivo galego achegará 36.300 euros no marco de este acordo.

Froito deste convenio, a Consellería de Sanidade está a colaborar co departamento de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela, que ofrece un servizo de apoio diagnóstico.

O traballo colaborativo entre a Consellería de Sanidade e a USC iniciado no ano 2023 está a optimizar o control da seguridade alimentaria na comunidade, mellorando as posibilidades de identificación das lesións atopadas nos animais de abasto sacrificados en Galicia.

Ao mesmo tempo, esta cooperación posibilita o establecemento de criterios técnicos contrastados para a súa aplicación en supostos que son susceptibles de interpretacións diversas, desde o punto de vista da seguridade alimentaria.

Na obtención de carnes frescas destinadas á alimentación humana, os servizos veterinarios oficiais dependentes da Dirección Xeral de Saúde Pública asignados aos matadoiros teñen, entre outras funcións, a responsabilidade de ditaminar a aptitude para o consumo das carnes e vísceras procedentes dos animais sacrificados nestes establecementos.

Para poder elaborar o dito ditame, os veterinarios deberán proceder, entre outras inspeccións, a un exhaustivo exame postmortem das canais e as súas vísceras.

En consecuencia, a interpretación dos mecanismos patoxénicos, a toma de decisións para o ditame final da inspección sobre a base de criterios científicos e a identificación

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de riscos para a seguridade alimentaria, son elementos indispensables para lograr a garantía dun control exhaustivo.

### **Atlas de enfermidades**

A Consellería de Sanidade hai tempo que está a aplicar as novas tecnoloxías na inspección, o que obriga a explorar todas as vantaxes que ofrecen estas ferramentas para mellorar a vixilancia e o control.

Así, os dispositivos cos que traballan os servizos veterinarios permiten a toma e envío de fotografías no momento da inspección para aqueles casos en que se atopen dificultades para alcanzar un diagnóstico.

Deste xeito, lógrase un servizo de soporte especializado, on line, para os veterinarios oficiais de Saúde Pública da Consellería de Sanidade destinados nos matadoiros.

Con isto, non só se proporciona formación continua, senón que este apoio permite vixiar as enfermidades animais e asesorar en consultas científicas relacionadas con lesións postmortem detectadas polos servizos oficiais nos matadoiros de Galicia.

Toda esta información de estudo e revisión, así como todos os casos analizados, permitirán ao departamento sanitario da Xunta elaborar un atlas de enfermidades detectadas nos matadoiros galegos que seguirá un formato de guía de consulta rápida, práctica e atractiva, que incluírá as lesións máis comúns presentes na inspección veterinaria en matadoiros da nosa comunidade.

Actualmente, as consultas realizadas polos servizos de control oficial veterinario nos matadoiros pódense visualizar a través da páxina da Dirección Xeral de Saúde Pública denominada Vetmaga ([Anatomía Patolóxica - Consultas - Contidos taxonómicos](#)).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE MOS, QUE SE INTEGRARÁ NO COMPLEXO SOCIOSANITARIO DO REBULLÓN CUNHA ÁREA ESPECÍFICA DE PEDIATRÍA**

- A Consellería de Sanidade destinará 372.000 euros á redacción do proxecto básico e de execución do novo centro de saúde
- O investimento do Goberno galego na execución do novo equipamento sanitario estímase en máis de 4,7 M€
- A Consellería de Sanidade ampliará nun 65 % a superficie con respecto ao actual centro de saúde de Mos, ata superar os 2.700 metros cadrados
- O centro incorporará unha sala de lactancia, fisioterapia e unha sala de educación sanitaria para poder realizar programas de rehabilitación de solo pelviano

O Consello da Xunta deulle hoxe visto e praxe á próxima licitación, por importe de 372.741,34 euros, da redacción do proxecto básico, de execución e dirección de obra do novo centro de saúde de Mos, que se integrará no complexo sociosanitario do Rebullón e incorporará unha área pediátrica específica.

O investimento do Goberno galego na execución deste novo equipamento sanitario estímase en máis de 4,7 millóns de euros.

O novo centro de saúde permitirá habilitar espazos propios para o servizo de pediatría, con dúas consultas de medicina, dúas consultas de enfermaría pediátrica e, como novidade, unha sala de lactancia e unha sala polivalente para posibles necesidades de uso exclusivo por pacientes respiratorios.

Na área médica, contarase con 11 consultas de medicina de familia (dúas máis que o actual), 11 de enfermaría (dúas máis), unha consulta de matronas, unha de farmacia, un novo despacho de traballo social, dúas salas polivalentes (unha máis, na que se realizarán ecografías, retinografías, electrocardiogramas ou espirometrías) e seis consultas de formación a residentes (dúas máis, co que se poderá aumentar a actividade docente con tres residentes MIR de medicina e tres EIR de enfermaría).

No novo centro de saúde tamén se prevé unha nova sala de cirurxía menor, unha nova consulta de nutricionista, ademais dun ximnasio de fisioterapia ao incorporarse un profesional desta categoría.

Tamén se amplía a carteira de servizos na área da muller, xa que o plan do Servizo Galego de Saúde dispón dunha sala de educación sanitaria que servirá para realizar programas de rehabilitación de solo pelviano.

Na área de urxencias, que contará cunha sala de observación e unha de reanimación, habilitarase tamén unha nova sala de traballo de enfermaría e dous vestiarios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo centro de saúde que construírá a Xunta no concello de Mos disporá de dúas plantas cunha superficie útil total de 2.740 m<sup>2</sup>, o que supón un incremento do 65 % en comparación co actual.

O prazo de execución da redacción do proxecto básico é de mes e medio desde a formalización do contrato. Unha vez aprobado o proxecto básico, disporase de dous meses para a redacción do proxecto básico e de execución.

Unha vez que se dispoña do proxecto aprobado, procederase á licitación das obras, nas que o Servizo Galego de Saúde prevé investir 4.726.500 euros, co obxectivo de que se poidan iniciar no primeiro trimestre de 2027.

### **Investimento na atención primaria**

As contas da Xunta para 2026 incrementan nun 4,75 % o investimento en atención primaria, ata acadar os 1.747 millóns de euros, o que representa o maior investimento da historia neste nivel asistencial.

Tamén se produce un incremento no capítulo de persoal de primaria, que medra un 3,4 %, ata os 657 millóns. A dotación en 2026 para a construción e reforma das infraestruturas sanitarias de atención primaria ascende a preto de 60 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACADARÁ OS 2.000 MOZOS E MOZAS RETORNADOS COAS BEME A TRAVÉS DUNHA NOVA CONVOCATORIA NA QUE PRIORIZA A INSERCIÓN LABORAL E URXE A HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS**

- O Consello do Goberno galego aprobou a 10ª edición das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME), con 2,55 M€ para que 250 galegos e galegas do exterior poidan estudar case cen mestrados nas universidades públicas galegas no 2026/2027
- Englobada na Estratexia Galicia Retorna, esta acción é chave no plan de captación de talento pola alta cualificación dos bolseiros, a súa diversidade —máis de 40 países— e xuventude —29 anos— e a vontade da gran maioría —un 80 %— de traballar en Galicia
- Os bolseiros e bolseiras BEME encádranse en áreas como as ciencias sociais e xurídicas, enxeñaría e arquitectura ou ciencias da saúde, cun maior potencial de empregabilidade
- Para potenciar a súa inserción por conta allea ou propia, a Xunta reforzará a orientación e mentoría específicos e estreará incentivos para as empresas como os do programa Galicia Suma Talento: Emprégate por contratar traballadores formados nas BEME
- Co gallo de desenvolver o modelo pioneiro de Galicia para sumar talento, a Xunta reclamará mañá de novo ao Goberno central —nunha reunión en Madrid— unha vía áxil para homologar os títulos universitarios dos beneficiarios BEME

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á décima edición das bolsas excelencia mocidade exterior (BEME) que —cun orzamento de 2,55 M€— permitirá a 250 mozos e mozas completar en Galicia a súa formación académica cursando no vindeiro curso 2026/2027 algún dos máis de 95 mestrados seleccionados polo seu maior potencial de empregabilidade nas tres universidades públicas. Integrada na Estratexia Galicia Retorna xunto a outros programas como o Retorna Talento FP —cuxa nova orde tamén foi analizada hoxe mesmo en Consello—, esta convocatoria das BEME dá continuidade a unha iniciativa que acadará xa a cifra de 2.000 mozos e mozas retornados a través dun investimento global de case 15 M€ e absolutamente consolidada como clave dentro do plan de captación de talento do Goberno autonómico.

Como mostra do impacto das bolsas BEME en Galicia e do capital de talento de alta cualificación que supón para o noso tecido produtivo, a idade media dos bolseiros retornados é de 29 anos, proceden de máis de 40 países —entre os que destaca A Arxentina, Venezuela, O Uruguai, O Brasil e O Reino Unido—, e arredor dun 80 % teñen a vontade de quedar en Galicia tras finalizar os seus mestrados co obxectivo de incorporarse ao mercado laboral por conta allea ou a través do emprendemento.

Por iso, e co gallo de consolidar o seu grao de inserción laboral, a Xunta potenciará o ano que vén o asesoramento e titorización específicos ao abeiro das bolsas concedidas. Ademais, cómpre destacar outros incentivos novidosos destinados a facilitar a súa

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incorporación a empresas galegas como os que incluírá o programa *Galicia Suma Talento: Emprégate*. Por primeira vez nunha iniciativa deste tipo, a axuda ao centro de traballo que contrata poderase aumentar nun 25 % no caso de que a persoa que se incorpore de xeito indefinido superase os estudos vinculados ás bolsas BEME nos dous anos previos.

### Detalles da convocatoria 2026/2027

A nova edición das bolsas BEME, que se volverá convocar en réxime de concorrencia competitiva, destínase a mozas e mozos galegos universitarios residentes fóra da nosa Comunidade desde fai máis de dous anos, a persoas que residiran en Galicia de forma continuada durante cinco anos —con nacionalidade española antes de emigrar— ou a descendentes de galegas e galegos con titulación superior que desexen realizar un mestrado nalgún dos sete campus das tres universidades públicas galegas.

Os máis de 95 mestrados incluídos na convocatoria —pertencentes ás áreas de arte e humanidades, ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura— foron seleccionados pola súa maior capacidade de colocación no tecido produtivo galego, co foco posto en sectores estratéxicos. As bolsas —que varían entre os 8.000 e os 12.500 euros dependendo da rexión de procedencia e do número de créditos a realizar— cobre os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento ou manutención en Galicia.

### Estratexia Galicia Retorna e Plan de captación de talento

No marco do modelo pioneiro de Galicia para sumar talento ao tecido produtivo, as BEME son unha peza clave dentro da aposta autonómica por captar talento do exterior dun xeito planificado. Unha folla de ruta que contará o ano que vén cunha nova oficina autonómica que canalizará todas as medidas relativas ao emprego dirixidas tanto ás persoas retornadas como ás de terceiros países. No referido aos galegos e galegas do exterior, as BEME complétanse na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 con outras fundamentais de asesoramento, seguimento e coordinación, abarcando todos os ámbitos para unha integración plena. Así, destaca a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, que ofrece acompañamento aos galegos do exterior e ás súas familias, tanto no relativo aos trámites do retorno como no eido das axudas; o programa Retorna Cualifica Emprego ou as destinadas a impulsar o autoemprego retornado.

### Demandas ao Goberno central

A Xunta de Galicia vénlle demandando ao Goberno central que facilite a homologación dos títulos universitarios de orixe tanto das persoas retornadas como das procedentes de terceiros países, co obxecto de evitar que estes atrasos burocráticos limiten as súas oportunidades profesionais. Así, o Goberno galego trasladou esta reclamación recentemente por carta en coordinación coas universidades públicas galegas e volverá facelo mañá a través dunha reunión que manterá en Madrid o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, co secretario xeral de Universidades, Francisco García.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nese encontro, Insistirase na necesidade de establecer unha vía específica e áxil — coordinada entre a Xunta, as universidades públicas e o Ministerio— para as persoas beneficiarias das bolsas BEME, reclamando un procedemento claro que permita acelerar o proceso de recoñecemento das súas titulacións universitarias e garantir así o acceso a traballos acordes á súa formación. Deste xeito, avógase por reducir burocracia, unificar criterios e garantir seguridade xurídica, en liña coas recomendacións europeas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA POR MÁIS DE 5,2 M€ UNHA BATERÍA DE APOIOS DESTINADOS A REFORZAR O ECOSISTEMA DA ECONOMÍA SOCIAL COMO MOTOR DE EMPREGO NO TERRITORIO

- O Consello do Goberno galego deu hoxe luz verde a catro novas ordes: Bono Consolida Economía Social (2,73 M€), incentivos ás empresas de inserción (1,5 M€), achegas ás entidades da Rede Eusumo (690.000 €) e ás asociacións da economía social (335.000 €)
- No Bono Consolida, priorízanse os investimentos no territorio e elévase de dous a tres anos a obriga das entidades beneficiarias de manter a forma xurídica e a actividade, co gallo de asegurar a súa consolidación e permanencia no tecido produtivo
- Nas axudas á Rede Eusumo, aumentan os límites de achega para realizar accións de promoción da economía social e potencianse sectores como o dos coidados ou o agroalimentario co fin de reforzar a creación de novas entidades que xeren traballo
- Novidades tamén na convocatoria das asociacións, na que se eleva o capítulo das que representan centros especiais de emprego e empresas de inserción para fortalecer a integración sociolaboral das persoas con discapacidade e en situación de exclusión
- A Xunta dedica o ano que vén case 45 M€ á economía social, no marco da estratexia que rexerá este eido deica 2027 e coa ollada posta na nova Lei de cooperativas que aposta por visibilizar esta fórmula en sectores clave e a simplificación administrativa

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a catro novas convocatorias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no eido da economía social, que incorporan novidades co gallo de afianzar a aposta desta fórmula empresarial pola xeración de emprego de calidade e sustentable pegado ao territorio. En concreto, aprobáronse o Bono Consolida Economía Social (2,73 M€), os incentivos ás empresas de inserción (1,5 M€), os apoios á realización de actividades de promoción da economía social por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo (690.000 euros) e os destinados a sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción (335.000 euros).

Todas estas ordes enmárcanse na Estratexia Galega da Economía Social: Horizonte 2027 e no orzamento próximo aos 45 M€ que a Xunta destinará o ano que vén a este ecosistema. En 2026 tamén verá a luz a nova Lei de cooperativas, co obxectivo de alentar a creación de novas iniciativas en sectores clave para o territorio —como os servizos sociais, a enerxía ou a vivenda— e coa incorporación de medidas de simplificación administrativa e de reforzo da dixitalización e profesionalización para facilitar tanto a creación e posta en marcha de novas entidades como a xestión e consolidación das xa existentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Bono Consolida e incentivos ás empresas de inserción**

O Bono Consolida Economía Social 2026 aprobado hoxe polo Consello da Xunta, cun orzamento de 2,73 M€, persegue apoiar a consolidación das entidades da economía social, con especial incidencia na transformación dixital e na eficiencia enerxética. Estímase que se beneficiarán destas axudas unhas 250 cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción ou centros especiais de emprego, cunha antigüidade mínima de 42 meses.

Ao abeiro desta próxima convocatoria, a Xunta priorizará os gastos de investimento fronte aos correntes co fin de acadar unha efectiva consolidación das entidades da economía social. Dáse así resposta á demanda real detectada na orde deste ano, ao tempo que se prima un tipo de gasto que logra xerar un maior retorno no medio e longo prazo. A maiores, elévase de dous a tres anos a obriga de mantemento da forma xurídica das entidades beneficiarias, así como da súa actividade empresarial, co gallo de asegurar a súa permanencia no tecido produtivo.

Canto aos incentivos ás empresas de inserción e ás súas entidades colaboradoras, cun orzamento de 1,5 M€, teñen como obxecto mellorar a empregabilidade e establecer medidas para a inserción normalizada no mercado de traballo, a través de dous programas: para a cobertura do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social e para a compensación dos custos adicionais do emprego destas persoas. Estímase que poderán beneficiarse destas achegas 17 empresas de inserción laboral, para que dean emprego a unhas 170 persoas en risco ou situación de exclusión social e para contratar unhas 12 persoas de nivel técnico ou de dirección das empresas de inserción.

### **Achegas á Rede Eusumo e ao asociacionismo da economía social**

A Xunta eleva os límites de subvención nas axudas para a realización de actividades de promoción da economía social por parte de entidades colaboradoras da Rede Eusumo nas anualidade 2026 e 2027 (690.000 euros), co gallo de reforzar o seu compromiso coa constitución de novas entidades que creen postos de traballo de calidade no territorio. O aumento dos límites –dunha media de 500 €– afecta os puntos de accións formativas e divulgativas, de celebración de encontros e networking e de asesoramento. Estímase que se poderán beneficiar destas achegas unhas 40 entidades, para a realización de máis de 200 actividades nas que participarán máis de 4.000 persoas.

Incorpórase tamén como novidade a posibilidade de impulsar accións sobre colectivos vulnerables e discapacidade no eido da economía dos coidados, dentro dos sectores específicos que tamén engloban o agroalimentario, a economía circular e xestión de residuos, as enerxías renovables e transición enerxética, as novas tecnoloxías e intelixencia artificial, o sector industrial, as industrias culturais ou o transporte e mobilidade. Uns sectores que se busca potenciar con esta orde como os novos eidos emerxentes que permitirán afianzar a competitividade da economía social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, deuse luz verde á convocatoria de 2026 que —cun orzamento de 335.000 euros— está orientada a sufragar os gastos de funcionamento das organizacións representativas da economía social, para procurar un axeitado desenvolvemento destas estruturas e favorecer a súa consolidación. Neste caso, e dando resposta á demanda que se vén detectando, a Xunta eleva o capítulo relativo ás asociacións que representan centros especiais de emprego e empresas de inserción co gallo de garantir o seu papel crucial na integración sociolaboral das persoas con discapacidade e en situación ou risco de exclusión.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PROMOVE CON MÁIS DE 120.000€ O ESTUDO DA CULTURA E LINGUA GALEGAS NAS UNIVERSIDADES DA SORBONA E DE SÃO PAULO

- O Consello dá luz verde a estes convenios encadrados na estratexia da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para fornecer a proxección exterior do galego
- Este apoio económico posibilita a contratación dunha persoa lectora e dun bolseiro lector e o desenvolvemento de cursos, conferencias, seminarios ou congresos
- Actualmente, máis de 4.400 persoas estudan galego fóra da Comunidade co apoio do Goberno autonómico

O Goberno galego destinará máis de 120.000 € para continuar a fornecer a proxección exterior da cultura e lingua galegas promovendo o seu estudo nas universidades da Sorbona (Francia) e São Paulo (Brasil). Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, no que se autorizou a sinatura destes convenios, de 2026 a 2028, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e estas dúas institucións académicas.

Así, para esta promoción exterior do galego, as achegas económicas da Xunta teñen como obxecto que estas institucións académicas integren as ensinanzas de lingua, literatura e cultura galegas nos seus plans de estudo. De igual xeito, garante que se dote dunha persoa lectora en cada unha delas e que se desenvolvan cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas ou exposicións. Súmanse a estas accións a adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico ou informático necesarios para estas ensinanzas.

Por unha banda, asinarase un novo convenio por un importe de 111.000 euros coa Universidade da Sorbona en París que permite a integración no seu cadro de persoal dun lector ou lectora contratado de lingua, literatura e cultura galegas. Coa finalidade de promover o galego no exterior, a Xunta de Galicia e esta institución manteñen unha relación de colaboración desde 1994. O novo convenio multiplicou case por dez a dotación económica respecto ao anterior co obxecto de iniciar, no mes de xaneiro, un novo proxecto que permitirá o estudo das linguas rexionais cooficiais de España e que se lle ofertará ao conxunto de estudantes da Sorbona.

No caso da colaboración coa universidade de São Paulo, iniciada en 2008, a Xunta destina 12.000 euros para a dotación dun bolseiro lector ou lectora.

#### **Reforzo da Estratexia de Internacionalización da Lingua e Cultura Galegas**

A autorización destes convenios supón un novo paso da Xunta de Galicia na súa liña de traballo para promocionar o noso idioma en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que, na actualidade, haxa máis de 4.400 estudantes de galego fóra da Comunidade. Neste senso, cómpre lembrar que o galego é obxecto de estudo en 41 universidades o que permite contar con lectorados en lugares como India, Mozambique, Austria, Finlandia ou Polonia. A isto súmase a formación impartida por entidades como o Instituto Cervantes, as Casas de Galicia e os Centros Galegos, que neste 2025 reúnen nos seus programas de formación 950 persoas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA MELLORA A FORMACIÓN PRÁCTICA DA MOCIDADE CUN AUMENTO ATA 1,8 M€ NO PROGRAMA 'FÓRMATE NA EMPRESA'

- O Goberno galego reforza así a cuarta edición dunha iniciativa que na última convocatoria, baixo o nome 'Xuventude Mentoring na Empresa', contou con 1,3 M€
- O Consello dá luz verde a estas subvencións destinadas a entidades privadas sen ánimo de lucro, concellos e organismos dependentes destes
- As axudas contemplan un importe máximo de 100.000€ por cada proxecto e inclúen bolsas de 690 € ao mes para os participantes
- Están destinadas a persoas de entre 18 e 30 anos inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e empadroadas na Comunidade

A Xunta de Galicia pon en marcha unha nova convocatoria no 2026 para facilitarlle á mocidade ampliar a súa formación práctica a través do programa *Fórmate na empresa*, que cambia a súa anterior denominación, *Xuventude Mentoring na empresa*, e que aumenta o orzamento en medio millón de euros con respecto á edición anterior, chegando a 1,8 M€. Así se deu conta no Consello, que aprobou as bases reguladoras destas subvencións para realizar estadias en empresas ou entidades públicas e privadas vinculadas con sectores económicos estratéxicos para Galicia.

Así, a iniciativa pretende favorecer o emprego xuvenil e reforzar as habilidades e competencias profesionais entre as persoas mozas, de entre 18 e 30 anos, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, non ocupadas, contribuíndo á mellora da súa formación en ámbitos laborais reais que lles permitan adquirir experiencia. Deste xeito, o programa incentiva que a mocidade teña a súa primeira experiencia laboral a través das propostas xestionadas por entidades privadas sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea e que desenvolvan a súa actividade na Comunidade no eido da mocidade e o emprego. Tamén está aberto aos concellos galegos, mancomunidades de municipios ou órganos públicos dependentes destes.

Neste senso, as axudas, ata un máximo de 100.000€ por programa, irán destinadas a sufragar distintos gastos, desde o persoal preciso para a formación, ata o custos de desprazamento, de seguros ou mesmo ao deseño de materiais. Pola súa banda, os mozos e mozas que accedan a estas estadias percibirán unha bolsa dun mínimo de 690€ mensuais, cantidade que tamén aumenta con respecto á última convocatoria.

Con *Fórmate na Empresa*, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude traballa por achegar á mocidade os apoios necesarios para a súa transición á vida laboral despois dos seus estudos, potenciando a educación non formal, creando un ecosistema favorable á creación de oportunidades e favorecendo a captación e retención de talento en sectores económicos claves para Galicia (aeronáutica, agroalimentación, biotecnoloxía, automoción, enerxías renovables, madeira, metalmecánico, naval, pedra natural, téxtil, tecnoloxías da información e da comunicación).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **460 participantes en tres edicións**

Desde a súa creación, participaron nos distintos proxectos formativos ofertados ao abeiro deste programa un total de 460 mozos e mozas. Así, na súa primeira edición as subvencións abrangueron 9 proxectos con 144 participantes e a implicación de 64 empresas. Na segunda foron tamén 144 as persoas mozas que participaron distribuídas noutras 9 propostas en 77 empresas, mentres que na terceira tomaron parte 172 participantes en 13 programas distribuídos en 132 compañías. Así mesmo, cómpre destacar que a taxa media de inserción laboral na última convocatoria acadou o 59,35 %.

As axudas, que se canalizan a través da Xunta, están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Tras a convocatoria e resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coas propostas subvencionadas, correspóndelle ás entidades e concellos beneficiarios a súa posta en marcha. Así, como promotores, serán os encargados de seleccionar ás persoas participantes e destinalas aos centros de traballo que se considere.

O período de solicitude das subvencións por parte das entidades comezará ao día seguinte da publicación das bases no Diario Oficial de Galicia.

### **Unha iniciativa reforzada**

O programa *Xuventude Mentoring na Empresa* pasa a denominarse nesta edición *Fórmate na Empresa*, un cambio que responde á necesidade de reflectir con maior claridade o seu obxectivo principal, que é ofrecer ás persoas mozas unha experiencia formativa real en contornas profesionais. Esta nova denominación reforza a dimensión formativa e práctica do programa, poñendo en valor a aprendizaxe e a preparación para o acceso ao mercado laboral.

Deste xeito, tamén permite diferenciar este programa do *Xuventude Mentoring*, xa que, aínda que ambos comparten o obxectivo de mellorar a empregabilidade da mocidade galega, presentan enfoques complementarios. Así, este último céntrase en promover o acompañamento persoal e profesional a través da figura dunha persoa mentora, o desenvolvemento de competencias e o contacto co tecido empresarial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 754.000€ Á COLABORACIÓN ENTRE AS UNIVERSIDADES GALEGAS E O CENTRO RAMÓN PIÑEIRO EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA

- O Consello dá o visto e praxe á sinatura de tres convenios coas institucións académicas de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
- O Goberno galego continúa a impulsar accións que garantan a utilidade da lingua en todos os ámbitos e o acceso igualitario ao coñecemento na área das Humanidades
- A colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantense desde 1995, apostando polo fortalecemento do patrimonio cultural e a dinamización do idioma
- O obxectivo nos próximos anos é potenciar a innovación dixital para mellorar o alcance destes proxectos e o acceso aos seus resultados

A Xunta de Galicia alcanzará un total de 754.000 € para seguir impulsando a colaboración das tres universidades galegas no programa de accións en materia de investigación, especialmente no ámbito lingüístico, que se desenvolve no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Así se acordou hoxe no Consello, onde se lle deu luz verde á sinatura de tres convenios coas institucións académicas para o período 2026-2029.

Así, estes novos acordos danlle continuidade aos últimos, que abrangueron desde o 2022 ao 2025, co obxectivo de levar a cabo investigacións fundamentais para a comunidade científica, e o resto da sociedade, capaces de garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos e de contribuír ao acceso igualitario do coñecemento no eido das Humanidades. Neste senso, cómpre lembrar que o Goberno galego colabora coas universidades neste tipo de iniciativas desde 1995, apostando polo fortalecemento do patrimonio cultural de Galicia e pola dinamización do idioma.

Ademais, no marco desta colaboración, incorpóranse novas perspectivas que van na liña da Estratexia Galicia Dixital 2030, especialmente no que está vencellado á proxección dos sinais de identidade da Comunidade. Trátase así de potenciar a innovación dixital co fin de ampliar o alcance e a accesibilidade dos traballos, e os resultados da execución destes proxectos, facendo deles unhas ferramentas de referencia científica modernas e eficaces mediante a introdución e mellora no manexo dos usos asociados ás tecnoloxías da información e da comunicación.

Desde a Xunta incídese, deste xeito, na dinamización da lingua galega situándoa na vangarda da enxeñaría lingüística, contando para iso coa colaboración de destacados profesionais das tres institucións académicas galegas aos que encomendar as tarefas de dirección e colaboración.

#### **Proxectos que se van desenvolver**

Deste xeito, o convenio coa Universidade de Santiago posibilitará o desenvolvemento de proxectos vencellados á terminoloxía científico-técnica; ao atlas lingüístico románico ou á mellora da bibliografía informatizada da lingua galega: Así mesmo, continuarase avanzando nos corpus do galego actual e do *latinum gallaeciae*, ou afondando na

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

literatura galega medieval. Por último, este acordo tamén permitirá a elaboración de dicionarios e de informes anuais vencellados á literatura galega.

Mentres, na Universidade de Vigo centraranse nas novas tecnoloxías con propostas que teñen que ver coas ferramentas da fala e un etiquetador-lematizador para o galego actual. Pola súa parte na Universidade da Coruña traballárase nun etiquetador-lematizador para o galego actual e na elaboración dun dicionario histórico etimolóxico da lingua galega.

### **Investigación en Humanidades**

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cuxo cometido é promover a formación e capacitación das persoas universitarias a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito de humanidades.

Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva, ademais de centrarse na dixitalización do coñecemento, co propósito de ofrecer recursos dixitais e ferramentas que permitan poder compartilos e difundilos e sexan de acceso libre.

Desde a súa fundación, hai 28 anos, pasaron máis de 500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA REALIZARÁ ESTA SEMANA UN NOVO PAGAMENTO DA PAC DE 125 M€, QUE PERMITE ACADAR XA UNHA EXECUCIÓN DO 80 % NESTA CAMPAÑA**

- O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón desta medida, que supón o pagamento de algo máis de 100 millóns correspondentes ao 90 % do saldo das axudas directas, entre as que se inclúe a de ovino-cabrún, e de preto de 25 millóns do 100 % das achegas a zonas con limitacións naturais
- Este abono representa un 7 % máis de pagamento con respecto ao mesmo período do ano pasado, xa que en decembro de 2024 pagáronse 116,6 millóns de euros
- A cantidade pagada aos gandeiros e agricultores galegos pola solicitude de 2025 da PAC ascende xa a preto de 170 millóns de euros, dos 215 previstos para esta campaña

A Xunta realizará esta semana un novo pagamento das axudas da Política Agraria Común (PAC) de máis de 125 millóns de euros, o que permite acadar xa un nivel de execución do 80 % nesta campaña de 2025. O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón desta medida, que supón o pagamento de algo máis de 100 millóns de euros correspondentes ao 90 % do saldo das axudas directas e de preto de 25 millóns do 100 % das achegas a zonas con limitacións naturais (ZLN).

Este abono representa un 7 % máis de pagamento con respecto ao mesmo período do ano pasado, xa que en decembro de 2024 pagáronse 116,6 millóns de euros. Así, incluíndo o anticipo de 44 millóns que se fixo efectivo en outubro, a cantidade pagada aos gandeiros e agricultores galegos pola solicitude de 2025 da PAC ascende xa a preto de 170 millóns de euros, dos 215 previstos para esta campaña.

Cómpre destacar ademais que neste pagamento de decembro se adianta a axuda asociada a ovino-cabrún e se reforzan os pagamentos de zonas con limitacións naturais, moi superiores que en anteriores exercicios, co fin de dotar de maior liquidez a aqueles agricultores e gandeiros que se viron especialmente afectados pola vaga de incendios forestais do verán. Deste xeito, tal e como xa se anunciara a finais de outubro pasado, neste mes de decembro procédese a aboar a maior parte das axudas directas da PAC correspondentes a 2025.

#### **Cronoloxía dos pagamentos**

O día 6 de marzo de 2025 comezou o prazo para presentar a Solicitude Única da PAC, que agrupa nun só acto todas as solicitudes ás distintas liñas de axuda. Este prazo estendeuse ata o 31 de maio. Tras a tramitación das solicitudes presentadas, a regulamentación comunitaria establece que os pagamentos da PAC poden comezar a realizarse a partir do día 16 de outubro de cada ano.

Recentemente, na segunda quincena do mes de outubro, realizouse o aboamento do "anticipo da PAC", que é un pagamento anticipado das axudas directas que reciben os agricultores e gandeiros. O obxectivo deste anticipo é proporcionar un fluxo de efectivo para axudalos a facer fronte aos seus gastos operativos durante o ciclo agrícola. Este anticipo ascendeu a 44 millóns de euros, correspondentes a vacún de leite e carne.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo para proceder ao pagamento do resto das axudas directas da PAC a través do fondo agrario Feaga, o “pagamento do saldo”, comezou o día 1 de decembro de 2025, de maneira que todas as axudas deberán estar pagadas, a máis tardar, o 30 de xuño de 2026. Así, con estes novos abonos, séguese dando cumprimento aos prazos establecidos.

En concreto, o pagamento do 90 % do saldo das axudas directas da PAC suporá un montante de 100.409.723,79 euros. No marco desta partida, este ano inclúese, como novidade, o pagamento da axuda asociada a ovino-cabrún. E o abono do 100 % das axudas a zonas con limitacións naturais (ZLN) farase por un importe de 24.793.668,87 euros, unha contía superior a anteriores exercicios. Desta maneira, o total destas axudas, que se integrarán esta semana, ascenderá a 125.203.392,66 €. Polo tanto, para 2026 só restaría por pagar o 10 % das axudas directas e as axudas agroambientais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AMPLÍA E MELLORA A SÚA DOTACIÓN DE MEDIOS AÉREOS CON DOUS NOVOS AVIÓNS DE CARGA EN TERRA PARA REFORZAR A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- Alfonso Rueda sinala que o Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación das dúas aeronaves por un importe de “máis de 3,9 M€”, que se suman a outros seis aparellos xa dispoñibles destas características, para os anos 2026, 2027 e 2028 e con posibilidade de prórroga de 12 meses máis
- En total, o dispositivo autonómico contará cun total de 22 medios aéreos dependentes da Consellería, chegando a máis de 30 incluídos os do Estado
- Os avións de carga en terra son un medio áxil e rápido nos desprazamentos, polo que resultan moi útiles na extinción de incendios nunha contorna de 30-40 quilómetros desde a súa base operativa
- A Consellería do Medio Rural mellorará no vindeiro ano as infraestruturas de loita contra o lume con actuacións na rede de bases de unidades operativas e nas aéreas, como a nova base de helicópteros de Lalín; a renovación do aeródromo de Antela ou a construción dunha base en Valga

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico contratará “dous avións de carga en terra para ampliar e mellorar a dotación de medios aéreos e reforzar a loita contra os incendios forestais”. Así o autorizou esta mañá o Consello, no cal se deu conta tamén de que o período de contratación deste servizo é para as anualidades 2026, 2027 e 2028, por un importe de “máis de 3,9 millóns de euros” que se poderían ampliar ata case 5,49 cunha prórroga de 12 meses máis e outras posibles modificacións. “Unha mostra máis do compromiso da Xunta na prevención e loita contra os incendios forestais”, apuntou Rueda.

No caso dos avións, o novo contrato suporá que o dispositivo autonómico disporá de dúas aeronaves máis durante 840 días de servizo, cun total de 1.120 horas de voo no período de duración do contrato ata 2028. As aeronaves contratadas quedarán a plena e exclusiva disposición da Consellería do Medio Rural para a súa aplicabilidade nas diferentes misións de loita contra os incendios, ou calquera outra relacionada con esta materia e que a Xunta dispoña, sempre de acordo coas prestacións técnicas dos aparellos. Polo tanto, este contrato permitirá mellorar a capacidade de extinción dos lumes, o que redonda nunha mellora da seguridade das persoas e dos bens, así como da defensa da riqueza forestal galega.

Coa suma destas dúas aeronaves, tal como apuntou Alfonso Rueda, “son xa oito os avións de carga en terra” cos que contará o dispositivo autonómico de loita contra o lume para facer un total de 22 medios aéreos dependentes da Consellería. En total, contando os do Estado, serán máis de 30 os aparatos que traballan na extinción de incendios en Galicia.

#### Rapidez e axilidade

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O número medio de incendios e a simultaneidade na súa incidencia fan que a Administración necesite dotarse, dentro do seu dispositivo de prevención e defensa, de medios aéreos que, de forma rápida, poidan acudir aos incendios e participar na súa extinción.

Debido á heteroxeneidade que presenta a orografía galega e ás distintas tipoloxías de incendios, é preciso dispor de medios de distintas clases, orientados cada un a un tipo de misión distinta. As diferentes misións que levan a cabo estes aparatos son -ademais do lanzamento de axentes extintores como auga e retardantes-, a vixilancia de zonas de risco de incendios e a coordinación doutras aeronaves que actúan nun incendio.

O caso particular do emprego de avións de carga en terra nestas tarefas ten resultados moi positivos. Trátase dun medio que, debido á súa axilidade e rapidez nos desprazamentos, resulta moi útil para a extinción de incendios nunha contorna de 30-40 quilómetros desde a súa base operativa.

### **Incremento do investimento en 2026**

O presidente da Xunta lembrou que a Consellería do Medio Rural incrementará o seu investimento no 2026 para tarefas de prevención e extinción de lumes, "cun orzamento de máis de 116 millóns de euros", dos que 75,38 -é dicir, preto do 65 %- se destinarán a prevención e os 40,6 millóns de euros restantes a extinción.

En materia de infraestruturas de loita contra o lume, no vindeiro ano prestarase especial atención á rede de bases de unidades operativas (BUO) e ás bases de medios aéreos, con investimentos destacados que mencionou o titular do Executivo galego como a nova base de helicópteros de Lalín; a renovación do aeródromo de Antela, en Sandiás; a construción da nova base de Setecoros, en Valga; o acondicionamento da base aérea do Campiño, en Pontevedra; e accións de mellora noutros emprazamentos.

A maiores, o orzamento total para medios aéreos aumenta ata os 19,56 millóns de euros trala contratación destes dous novos avións de carga en terra que se incorporarán ao dispositivo galego de loita contra o lume.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1 M€ A COMPENSAR AS HORAS EXTRA DO PERSOAL DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NA VAGA DE LUMES**

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe estes pagamentos, tanto para o persoal laboral como para os funcionarios que fixeron un esforzo extra este pasado verán
- Estes profesionais tiveron que alongar de forma continuada as súas xornadas, facer pernoctas fóra do seu distrito e traballar sen posibilidade de compensación inmediata, superando os límites de xornada establecidos nos acordos e normativas vixentes

A Xunta destina un total 1.012.958,53 euros a pagar as horas extra do persoal laboral e as gratificacións por servizos extraordinarios aos funcionarios que se mobilizaron durante a vaga de incendios forestais do pasado verán. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe estes pagamentos, que se farán efectivos de inmediato.

Por un lado, o Consello tomou hoxe razón das horas extraordinarias realizadas polo persoal laboral do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) no período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2025, por importe de 342.061,50 euros.

Por outra banda, o Goberno galego autoriza o pagamento de gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo por persoal funcionario no mesmo período do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2025 e pola realización de quendas extraordinarias do persoal da escala de axentes forestais no período comprendido entre o 16 e o 31 de outubro, por un importe de 670.897,03 euros.

En ambos os casos, tanto os laborais como os funcionarios tiveron que alongar de forma continuada as súas xornadas, facer pernoctas fóra do seu distrito e traballar sen posibilidade de compensación inmediata, superando os límites de xornada establecidos nos acordos e normativas vixentes.

Neste 2025 Galicia sufriu unha situación extraordinaria, cunha vaga de lumes forestais na que se rexistraron un total de 1.492 incendios e 118.966 ha queimadas. A elevada intencionalidade da actividade incendiaria, a súa simultaneidade e as condicións extremas —altas temperaturas, seca prolongada e un episodio meteorolóxico adverso— puxeron en grave risco amplas zonas, especialmente na provincia de Ourense, e provocaron danos en bens públicos e privados, incluíndo vivendas.

Así pois, con esta medida búscase compensar aos profesionais que loitaron contra os incendios deste pasado verán en Galicia polo seu esforzo extra en horas e dedicación. Esa profesionalidade e implicación incidiu de xeito clave na defensa das persoas, os seus bens e a riqueza forestal de Galicia diante dun episodio excepcional e sen precedentes

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na nosa comunidade. Cómpre, polo tanto, compensalos por ese grao de compromiso, cumpríndose así, ademais, a normativa vixente sobre o particular.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INCREMENTA OS APOIOS A CONCELLOS E PARTICULARES PARA AXUDALOS NA XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS QUE RODEAN AOS NÚCLEOS PESE Á NEGATIVA DA FEGAMP A ASINAR O CONVENIO**

- Destaca que “se van destinar máis de 100 M€ nos vindeiros catro anos”, o que supón duplicar a contía anual e chegar aos 25 M€
- O convenio facilitará aos municipios o cumprimento das súas obrigas en relación coa prevención e defensa fronte ao lume nestas zonas
- O novo acordo incrementa o número de parroquias priorizadas, axiliza as execucións subsidiarias máis urxentes nas zonas identificadas de maior risco de incendio e ofrece maior apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes en todas as actuacións
- A conselleira do Medio Rural lembra que “a prevención é cousa de todos” e resalta que este novo convenio implicará “máis persoal e medios” para facer a limpeza de “xeito pautado e planificado”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico manterá e consolidará o sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (os 50 metros que rodean os núcleos de poboación) mediante un novo convenio de colaboración coa empresa pública Seaga, malia a negativa da Comisión Executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) a sumarse a esta iniciativa, que de cara aos vindeiros anos inclúe máis orzamento e máis apoios para concellos e particulares.

Unha medida que se enmarca na aposta da Xunta pola prevención. “É labor de todos ter os monte máis protexidos. A prevención é cousa de todos”, indicou a conselleira do Medio Rural, María José Gómez. Nesta liña, o presidente salientou a importancia de apoiar aos concellos “no obxectivo común de facer fincapé na limpeza das faixas secundaria, tan necesaria como vimos na vaga de lumes do verán”, indicou.

Rueda anunciou que a Xunta “vai destinar máis de 100 millóns de euros nos vindeiros catro anos a un novo convenio que permitirá duplicar o orzamento ao chegar aos 25 millóns ao ano”. En concreto, o Consello autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do novo convenio, cunha dotación total de 61,1 millóns de euros para o período 2026-2029. A este importe hai que sumarlle os 10 millóns anuais do Fondo de Limpeza de Faixas secundarias, o que implica ter un montante total anual de 25 millóns, o dobre que actualmente. Polo tanto, o investimento para manter este sistema superará os 100 millóns nos vindeiros catro anos.

#### **Novidades e melloras**

Ademais, o novo convenio incluírá diferentes novidades e melloras. “Haberá máis persoal e máis medios para realizar estas tarefas dun xeito pautado e planificado”, indicou a conselleira que explicou que se incrementarán as chamadas parroquias priorizadas – “ata as 276”-, nas que os veciños poderán contratar a Seaga para a limpeza dos seus predios como ata agora, por un prezo de 420 euros/hectárea; axilizaranse as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

execucións subsidiarias máis urxentes nas zonas identificadas de maior risco de incendio; prestarase un maior apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes para todas as actuacións (notificación, inspección, sanción e execución, de ser o caso) e impulsarase a creación de barreiras naturais nestas faixas coa plantación de frondosas, unha cuestión que xa se contemplaba anteriormente e que agora se reforzará.

Todo isto, a maiores das accións que xa se contemplaban ata o de agora, como é o labor de inspección das parcelas das faixas secundarias, as execucións subsidiarias nas faixas en ata 10 hectáreas identificadas polos concellos adheridos, ou actuacións de xestión de biomasa en ata 12 quilómetros de vías de titularidade municipal.

Neste sentido, o Goberno galego seguirá apoiando a concellos e propietarios nestas tarefas, malia a recente negativa da Fegamp de non aceptar o convenio, unha decisión que a Xunta de Galicia lamenta, pero que considera non pode impedir o desenvolvemento dos obxectivos a prol da prevención e defensa fronte o lume nas proximidades de zonas habitadas.

Debe terse en conta que a Fegamp non asume no convenio compromisos concretos de xestión, achega orzamentaria ou realización material de actuacións, dada a súa natureza e ausencia de competencias na materia, limitándose a súa participación ata o de agora vixente á súa presenza na comisión de seguimento e como mera interlocutora ao servir de canle para que os concellos puideran formular calquera cuestión á comisión de seguimento, aspectos que evidentemente non resultan esenciais e poden ser abordados doutro xeito máis directo. Malia todo, a Fegamp poderá sumarse a este convenio cando queira se finalmente así o decide.

A continuidade do sistema público resulta especialmente importante por razóns de interese xeral, e especialmente tendo en conta as circunstancias acaecidas neste verán do ano 2025. Neste sentido, a pronta posta en marcha das actuacións necesarias para o ano 2026 aconsella a formalización inmediata deste convenio, o que afondará en ofrecer un marco de seguridade xurídica e de planificación. Así, resulta especialmente oportuna a previsión de incrementar a duración deste convenio, que pasa a ser de catro anos, o que favorecerá a estabilidade do persoal dedicado a estas tarefas e permitirá a imprescindible planificación plurianual das actuacións e contratacións.

### **Obrigas e antecedentes dos apoios**

Rueda lembrou que a obriga de xestión da biomasa corresponde ás persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre as parcelas incluídas neses faixas, e compete ás entidades locais a inspección e control do cumprimento desa obrigas. Polo tanto, no suposto de incumprimento, é competencia municipal lembrar aos titulares a súa obriga legal de xestión da biomasa; conceder un prazo para facelo; advertir de que, en caso de persistencia no incumprimento, poderanse impoñer multas coercitivas; ou ben proceder á execución subsidiaria por parte da Administración, con repercusión dos costes.

Para axudar os concellos a cumprir coas súas obrigas, a Xunta puxo en marcha este convenio, asinado por primeira vez en agosto de 2018 entre a propia Administración Autonómica, a Fegamp e Seaga. Este acordo permitiu o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, co obxecto de dispor dun

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

instrumento para a cooperación, cos concellos que voluntariamente se adheriron, na xestión da prevención de incendios nas denominadas faixas secundarias de xestión da biomasa. Rueda salientou que actualmente “están adheridos un total de 291 concellos, o 93% dos municipios galegos”. Deles, 268 aprobaron o seu plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Cara ao vindeiro convenio e ante a falta de acordo, polo momento da Fegamp, “a Xunta vaille ofrecer a cada concello de xeito individual a posibilidade de adherirse”, indicou o presidente autonómico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA OUTORGA A JEALSA FOODS UNHA PRÓRROGA EXCEPCIONAL POLO SEU INTERESE ESTRATÉXICO, CO QUE PERMANECERÁ ATA 75 ANOS EN BOIRO**

- É a primeira vez que se dá unha prórroga nestes termos, coa que a conserveira amplía a súa concesión no peirao de Bodión ata 2067 e realizará investimentos nas instalacións por importe de 8 M€
- Portos de Galicia declarou de especial relevancia a súa actividade en base á xeración de 3.000 portos de traballo directos na comarca do Barbanza, cun 72 % de mulleres no cadro de persoal e 12.000 empregos indirectos

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, autorizou unha prórroga excepcional da concesión que ten en vigor a conserveira Jealsa Foods no porto de Bodión, no municipio coruñés de Boiro, en base ao seu interese estratéxico para a actividade portuaria e a economía da comarca. Tal como constatou esta mañá o Consello da Xunta, a modificación da concesión autorizada amplía o seu prazo de vixencia ata os 75 anos, o máximo legal permitido, e fará que a industria se manteña no lugar ata 2067.

A ampliación da concesión autorizada por Portos de Galicia responde a unha solicitude do grupo empresarial no marco da modificación legal da Lei de Portos de Galicia que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e que permite o tope máximo do prazo de vixencia das concesións –pasando de 50 a 75 anos– sempre que esta ampliación se acompañe dun investimento proporcionado. Deste xeito acompañouse a normativa autonómica coa estatal para evitar que a autonómica fose máis restritiva.

A ampliación, a primeira que se concede nestes termos, fai que quede fixada como nova data de extinción o 3 de xuño de 2067, outórgase en base á xustificación por parte da empresa dos requisitos legais preceptivos: o interese estratéxico da concesión e o investimento proporcional ao incremento de prazo. Polo que respecta ao primeiro, a declaración da concesión como estratéxica, de especial relevancia para a actividade portuaria baséase nos datos de emprego do grupo empresarial: Jealsa Foods xera na súa sede e centros de traballo no Barbanza un total de 3.000 empregos directos, cun incremento interanual do 11 %, e preto de 12.000 indirectos. Ademais, ten unha porcentaxe de emprego feminino do 72 % e xustifica un enfoque inclusivo cara ás persoas con discapacidade integrando a 34 no seu cadro de persoal.

Polo que respecta ao investimento previsto, que segundo a lei debe superar os 500.000 euros, Jealsa Foods renovará a cuberta da nave principal para eficiencia enerxética e construírá unha nova nave, o que suporá unha achega total de 3,2 millóns de euros. Así mesmo, ten prevista a reconstrución dunha nave industrial incendiada anos atrás cun investimento previsto de 4,8 millóns de euros, polo que propón un investimento total na comarca do Barbanza para os vindeiros anos de 8 millóns de euros.

Coa ampliación do prazo da concesión a esta industria estratéxica, Portos de Galicia aporta unha maior seguridade xurídica e crea as condicións para incentivar o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento no porto de Bodión. Así permite manter a actividade de Jealsa no Barbanza, evitando a deslocalización, mantendo postos de traballo e facilitando a creación de novos empregos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA XA INICIOU AS OBRAS DE EMERXENCIA PARA REPARAR A PRESA DE EIRAS, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 2,3 MILLÓNS DE EUROS**

- O Consello analizou hoxe un informe sobre as actuacións que se están a desenvolver para corrixir o deficiente estado das válvulas que regulan o abastecemento de auga a Vigo e a súa área metropolitana, do que dependen máis de 400.000 persoas
- O Executivo galego lamenta que o Concello de Vigo, que é quen opera estes elementos, non informase do seu mal estado malia estar en risco a subministración á veciñanza, polo que se reserva a posibilidade de emprender no futuro accións para reclamar responsabilidades ao Goberno local
- As actuacións para substituír as catro válvulas de toma de auga aceleraranse o máximo posible e durante a súa execución habilitarase un sistema alternativo para evitar cortes na subministración de auga á cidadanía
- O Goberno autonómico recorre á vía de emerxencia para realizar os traballos porque se trata dunha instalación crítica para o abastecemento e fallos futuros na súa operatividade porían en risco tanto o acceso á auga potable da cidadanía como a seguridade da instalación hidráulica

A Xunta de Galicia iniciou a semana pasada as obras de emerxencia para reparar a presa de Eiras -situada no concello de Fornelos de Montes, pero que dá servizo á cidade de Vigo e á súa área metropolitana- cun investimento de preto de 2,3 millóns de euros.

Os traballos céntranse na substitución das catro válvulas de toma de auga -dúas delas seriamente danadas- que regulan o fluxo de auga que se envía á estación de tratamento de auga potable (ETAP) do Casal como paso previo á subministración á poboación da zona, máis de 400.000 persoas entre os concellos de Vigo, Cangas, Moaña, Redondela, Soutomaior, O Porriño, Mos, Salceda de Caselas e Vilaboa.

O Consello analizou hoxe un informe de Augas de Galicia sobre as actuacións que se están a desenvolver para corrixir as deficiencias que presentan eses catro elementos que son clave para determinar o volume de auga que se deixa saír do encoro con destino ao abastecemento da cidadanía.

Estas catro válvulas de toma de auga foron instaladas en 1977 e nunca renovadas, polo que presentan un deterioro estrutural xeneralizado, con corrosión avanzada e risco de fallo en plena actividade, o que podería derivar no futuro en interrupcións puntuais do servizo, motivo polo que é preciso actuar de xeito inmediato.

#### **Gravidade da situación**

Dada a gravidade técnica da situación e que se trata dunha infraestrutura crítica, a Xunta está a actuar mediante unha obra de emerxencia. Faino posto que se trata de instalacións da súa titularidade, nas que ostenta as competencias exclusivas sobre seguridade, co fin de evitar calquera risco para a subministración de auga e para a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

integridade da propia presa malia que a operación das válvulas de toma de auga é responsabilidade do Concello de Vigo no exercicio da súa concesión de abastecemento.

Neste sentido, o Executivo galego lamenta que o Goberno local nunca notificase a existencia de incidencias neses elementos -dous deles especialmente danados, o que pode poñer en risco a subministración á veciñanza- á Administración hidráulica autonómica malia que o persoal municipal ou concesionario as manipula diariamente, algo que permite constatar o seu evidente deterioro. Ante a gravidade da situación, o Goberno galego resérvase a posibilidade de emprender no futuro accións para reclamar responsabilidades ao Goberno local pola súa actuación negligente.

Os traballos aceleraranse o máximo posible acurtando aquelas operacións que poidan realizarse sen comprometer a seguridade co fin de restablecer canto antes a plena operatividade da infraestrutura. As actuacións céntranse na retirada das válvulas actuais e a substitución por outras novas xunto coa reposición das bases de formigón, a renovación de todo o sistema de cables e a posta en servizo de todos os equipamentos.

En paralelo, e dado que para cambiar ás válvulas é preciso baleirar e illar a torre de toma de auga, desenvolveranse actuacións de emerxencia para habilitar un sistema alternativo co que garantir a subministración de auga á cidadanía. Esta cuestión resolverase coa instalación dun sistema de bombeo provisional (*bypass*) que permita manter o caudal de abastecemento -uns 900 litros por segundo- cara á potabilizadora do Casal. Trátase dunha medida indispensable dado que, en caso de que houberse un corte total da auga, Vigo só podería manter o servizo durante 36 horas, un prazo que aínda sería inferior noutros casos como o subsistema O Porriño-Mos.

### Deficiencias

As avarías en dúas desas catro válvulas de toma de auga foron detectadas polo Executivo galego este mesmo ano pois malia que a presa foi transferida polo Estado á comunidade en 1986, a negativa do Concello de Vigo a recoñecer a titularidade da Xunta e os procesos xudiciais aparelados provocaron que o persoal do servizo de explotación, mantemento e conservación do encoro contratado por Augas de Galicia tivese dificultades para acceder á zona na que se atopan estes elementos.

Os técnicos dependentes do organismo autonómico puideron realizar inspeccións integrais da infraestrutura por primeira vez a comezos deste ano, incluído o espazo no que o persoal do Concello de Vigo acciona as válvulas que conducen a auga ao sistema de abastecemento municipal. Nunha primeira inspección detectaron un fallo nunha delas (a VT2, que está rota e que se intentou reparar sen éxito), polo que unha das dúas liñas de toma de auga da presa quedou inhabilitada.

A partir dese momento intensificáronse os controis sobre o ramal que quedaba operativo e nunha revisión meses despois comprobouse que a VT3 tiña unha fuga por corrosión que supón un deterioro estrutural crítico para a súa correcta operación e funcionamento, unha deficiencia que co tempo podía provocar que esa segunda liña de toma de auga tamén quedase fóra de servizo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, dado que ambas incidencias poden comprometer a continuidade da subministración de auga a Vigo e a súa área de influencia, débese actuar de maneira inmediata cunha intervención que permita a substitución de todas as válvulas (as dúas danadas e tamén as VT1 e VT4) e a rehabilitación das liñas de conducción existentes para que sexan plenamente operativas. Unha interrupción do abastecemento prexudicaría á actividade doméstica, comercial e industrial de Vigo e toda a súa área metropolitana.

### **A infraestrutura hidráulica**

A presa de Eiras foi construída en 1977 sobre o río Oitavén e trátase dun encoro tipo bóveda de 51,5 metros de altura cunha capacidade de algo máis de 22 hectómetros cúbicos. Sobre ela pesaba no momento da súa construción unha concesión de augas ao Concello de Vigo para o abastecemento da poboación.

No ano 1986 a titularidade e as competencias sobre a presa foron traspasadas polo Estado á Xunta no marco do real decreto de transferencia de funcións, pero o Concello de Vigo interpuxo varios recursos xudiciais para reclamar a titularidade do encoro. Non obstante, a Xustiza resolveu que a titularidade, explotación, mantemento e conservación correspondían á comunidade, limitándose as competencias municipais á infraestrutura de conducción que leva a auga desde este punto ata a ETAP do Casal.

Cando en 2019 Augas de Galicia adxudicou un contrato autonómico para a explotación, conservación e mantemento da presa, o Concello de Vigo impediu a súa execución ao restrinxir o acceso da empresa contratista ás instalacións.

Esa situación anómala comezou a corrixirse en xaneiro de 2023 cando, tras varios pronunciamentos xudiciais na súa contra, o Concello de Vigo entregou as chaves da infraestrutura, aínda que mantivo para el en exclusiva a operación das válvulas de toma que conducen a auga ao sistema de abastecemento municipal. O persoal técnico responsable da conservación do encoro non puido realizar revisións integrais das instalacións ata este mesmo ano, cando se puxo fin a esa situación anómala que viña arrastrándose desde anos atrás.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DUNHA SENDA NA VÍA DE SERVIZO ANEXA Á ESTRADA AUTONÓMICA PO-548 NO CONCELLO DE VALGA**

- Esta actuación de mellora da mobilidade e da seguridade viaria e da mobilidade suporá un investimento que rolda os 176.000 euros
- Ampliarase a plataforma viaria na vía de servizo anexa á PO-548, na súa marxe dereita, aumentando a calzada actual ata os 6 metros de ancho, e executarase unha senda anexa permitindo a conexión coa Igrexa de Santa Columba de Cordeiro de Valga
- Manterase a accesibilidade ás parcelas privadas, mediante un pequeno camiño de servizo de 3 metros de ancho adxunto pola dereita da senda e pegado ao terreo
- A Xunta someterá nos vindeiros días a información pública o proxecto, co obxectivo de poder aprobalo no primeiro semestre do 2026, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras
- O Goberno galego segue a traballar en actuacións que favorecen nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura

O Consello da Xunta acordou hoxe someter a información pública o proxecto para construír una senda na vía de servizo anexa á estrada autonómica PO-548, no concello pontevedrés de Valga.

Esta actuación de mellora da mobilidade e da seguridade viaria suporá un investimento que rolda os 176.000 euros, ao incluírse o pagamento das expropiacións necesarias para executar as obras no treito anexo á vía autonómica, situado entre os puntos quilométricos 4+170 e 4+285.

En total, esta intervención ten unha lonxitude aproximada de 120 metros, e non contempla unha intervención sobre o trazado, senón unha redistribución das seccións para habilitar itinerarios seguros. A actuación pretende a mellora dos anchos da vía de servizo, a execución dunha zona peonil e dun camiño de acceso ás leiras que non interfira coa vía de servizo nin a senda. Todo isto coa finalidade de acadar unha mellora na seguridade peonil e evitar conflitos coa circulación dos vehículos.

#### **Descrición xeral**

O proxecto deseñado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, prevé á ampliación da plataforma viaria na vía de servizo anexa a PO-548, na súa marxe dereita, aumentando a calzada actual ata os 6 metros de ancho, co que se pretende garantir o cruzamento dos vehículos en condicións máis axeitadas.

Proponse executar, tamén, unha senda anexa de formigón coloreado de 2 metros sen franxa vexetal, que garanta a accesibilidade peonil en condicións de seguridade na contorna, permitindo a conexión coa Igrexa de Santa Columba de Cordeiro de Valga.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a intervención prevé manter a accesibilidade ás parcelas privadas existentes, mediante un pequeno camiño de servizo de 3 metros de ancho adxunto pola dereita da senda e pegado ao terreo.

Tamén se levarán a cabo actuacións na drenaxe da vía de servizo, xa que se prevé a modificación da rede existente de pluviais mediante a incorporación de novos elementos.

A Xunta prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 10 predios.

A previsión é poder aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2026, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras. O prazo de execución das obras é de 6 meses.

O Goberno galego segue a traballar en actuacións que melloran e favorecen nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura.

Imaxes da zona de actuación e plano das intervencións

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



*Localización da zona de traballo*



*Situación actual da estrada no treito considerado*

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### Planta de actuaciones